

# Plan de Educación Financeira 2018-2021

BANCO DE **ESPAÑA**  
Eurosistema





# PLAN DE EDUCACIÓN FINANCIERA 2018-2021

---

plan de **educación**  
**financiera**



BANCO DE **ESPAÑA**  
Eurosistema

A Comisión Nacional do Mercado de Valores e o Banco de España difunden a maioría das súas publicacións a través da rede Internet nas direccións [www.cnmv.es](http://www.cnmv.es) e [www.bde.es](http://www.bde.es).

Autorízase a reprodución dos contidos desta publicación sempre que se mencione a súa procedencia

© CNMV e Banco de España, Madrid, 2018

Depósito legal: M-20368-2018

Imprime: Unidade de Servizos Auxiliares, Banco de España

# CONTIDO

---

PRESENTACIÓN (pág. 00)

ALGO DE HISTORIA (pág. 00)

O PLAN DE EDUCACIÓN NUNHA OLLADA (pág. 00)

PRINCIPIOS INSPIRADORES  
DO PLAN DE EDUCACIÓN FINANCEIRA (pág. 00)

PRINCIPAIS PROPÓSITOS DO PLAN DE EDUCACIÓN  
FINANCEIRA PARA O PERÍODO 2018-2021 (pág. 00)

BALANCE DO PERÍODO 2013-2017 (pág. 00)

OBXECTIVOS E ACCIÓNS PREVISTOS  
PARA O PERÍODO 2018-2021 (pág. 00)

CONCLUSIÓNS (pág. 00)

ANEXOS (pág. 00)



# PRESENTACIÓN

---

A complexidade das relacións financeiras entre os individuos e as empresas, e dos propios produtos e servizos financeiros, así como o recente desenvolvemento de modelos de negocio no ámbito das finanzas baseados nas novas tecnoloxías (*fintech*) están poñendo de manifesto a importancia e necesidade de prestar atención á educación financeira da cidadanía.

A educación financeira adquiriu no actual ámbito económico e social un papel protagonista como elemento fundamental de estabilidade e de protección do usuario de servizos financeiros e constitúe unha materia que debe continuar impulsándose desde os organismos públicos e privados, coa colaboración de todos os axentes ou institucións financeiras.

Conscientes desta necesidade, o Banco de España e a CNMV comprometéronse hai nove anos a desenvolver o primeiro proxecto de educación financeira con vocación xeneralista no noso país, ao que, con posterioridade, se sumaron outros organismos da Administración Central, como a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Nestes anos, sentáronse as bases para continuar desenvolvendo no futuro gran parte das accións emprendidas, todo coa finalidade non só de incrementar os niveis de cultura financeira da poboación, senón tamén de mellorar os seus hábitos e comportamentos.

Somos conscientes de que abordamos un difícil labor e que os resultados unicamente se poderán valorar observando a forma de actuar das xeracións actuais e futuras como usuarios de servizos financeiros. Pero a pesar da dificultade do traballo emprendido, queremos mostrar a nosa vontade máis sincera de continuar neste camiño e seguir desenvolvendo a estratexia nacional de educación financeira que iniciamos hai anos. Esta estratexia terá éxito cando realmente consiga cambiar hábitos nos cidadáns, de tal xeito que sexan capaces de tomar decisións financeiras razoadas e adaptadas ás súas circunstancias.

**Sebastián Albella**  
*Presidente da CNMV*

**Luis M. Linde**  
*Gobernador do Banco de España*





## ALGO DE HISTORIA

---

Existe consenso xeral no sentido de que os cidadáns, calquera que sexa o país no que viven, teñen un nivel de cultura financeira susceptible de mellora. Conscientes deste problema, a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE), o Fondo Monetario Internacional, a Organización Internacional de Comisións de Valores (IOSCO) e a Comisión Europea, entre outras institucións, recomendaron aos seus membros que impulsen programas de formación financeira dirixidos a toda a poboación ou a segmentos específicos dela.

Neste contexto, os gobernos responderon mediante o desenvolvemento de estratexias nacionais de educación financeira. Actualmente, polo menos 59 países<sup>1</sup>, entre os que se encontra España, están deseñando ou executaron xa estratexias nacionais de educación financeira (Véxase Anexo I) ao abeiro dos principios e das recomendacións da OCDE. España iniciou a súa andadura neste ámbito no ano 2008 mediante a asunción por parte do Banco de España e da CNMV da responsabilidade de impulsar unha estratexia nacional de educación financeira.

As directrices deste proxecto quedaron plasmadas no denominado “Plan de Educación Financeira 2008-2012” que recollía o compromiso de realizar e impulsar actuacións co obxectivo de contribuír a que os cidadáns adopten decisións financeiras axustadas ás súas características persoais e familiares, necesidades e expectativas e asuman unha mellor xestión dos riscos. Isto implica, en último termo, unha maior confianza no sistema financeiro e contribúe á súa estabilidade.

En xuño de 2013, a CNMV e o Banco de España renovaron o compromiso asumido en 2008, nos termos recollidos no “Plan de Educación Financeira 2013-2017” e deron continuidade ás accións iniciadas en 2008.

O 2 de outubro de 2017, coincidindo coa celebración do III Día da Educación Financeira, ambas as institucións –a través da sinatura dun convenio de colaboración– ratificaron a súa vontade de continuar o desenvolvemento da estratexia nacional de educación financeira ata o ano 2021, cuxos aspectos principais se recollen neste documento.

---

<sup>1</sup> Fonte OCDE.



# O PLAN DE EDUCACIÓN FINANCEIRA NUNHA OLLADA

---

**NACE** en 2008, impulsado pola CNMV e o Banco de España ao abeiro dos Principios de Alto Nivel da OCDE

**IMPULSA** a mellora da cultura financeira dos españois

**DIRÍXESE** a todos os segmentos de poboación

**TEN** a súa propia marca 

**CONTA** con 30 institucións colaboradoras e está aberto á adhesión de moitas máis

**DISPÓN** do portal de referencia en educación financeira [www.finanzasparatodos.es](http://www.finanzasparatodos.es)

**FACILITA** información útil, neutral e libre de calquera interese comercial

**PARTICIPA** en xornadas de formación, obradoiros, conferencias e seminarios organizados en toda España

**PROMOVE** un Programa de Educación Financeira nos centros de ensino que chega a máis de 500 centros escolares cada curso

# PRINCIPIOS INSPIRADORES DO PLAN DE EDUCACIÓN FINANCEIRA

---

**XENERALIDADE** Non exclúe a ningún segmento da poboación e cobre todos os produtos e servizos financeiros.

**COOPERACIÓN** Supón a asunción do compromiso de ambos os supervisores financeiros de desenvolver unha intensa colaboración entre eles e fomentar a participación doutros axentes e institucións, nun modelo de colaboración público-privada.

**CONTINUIDADE** Ten vocación de permanencia.

**DIVERSIDADE** Debe chegar a cada segmento de poboación tendo en conta as características, necesidades e canles de acceso adecuadas en cada caso.

**COÑECEMENTO E ACCESIBILIDADE** Debe procurar dar acceso a todos os cidadáns á información e ás ferramentas necesarias que permitan o reforzo das súas capacidades.

**MEDICIÓN E AVALIACIÓN** Debe avaliar o traballo realizado para coñecer a súa efectividade e identificar áreas de mellora.

**COORDINACIÓN** Debe ser eficaz, eficiente e evitar o solapamento de esforzos.

**RESPONSABILIDADE** É posible grazas ás autoridades e aos organismos públicos e privados que comparten o compromiso de levalo a cabo e conseguir os seus obxectivos.

# PRINCIPALES PROPÓSITOS DO PLAN DE EDUCACIÓN FINANCEIRA PARA O PERÍODO 2018-2021

---

## ORIENTACIÓN Á CIDADANÍA

Maior coñecemento do público e das súas necesidades de educación financeira e conseguinte adaptación das mensaxes e das canles de comunicación do Plan de Educación Financeira para chegar aos segmentos de poboación máis vulnerables.

## NOTORIEDADE DA EDUCACIÓN FINANCEIRA

Intensificación do fomento da educación financeira como competencia clave do século XXI e instrumento esencial para o desenvolvemento da liberdade do individuo.

## TRANSFORMACIÓN DIXITAL

Incremento da creación de valor para o cidadán mediante a mellora e adaptación aos novos medios dixitais das ferramentas do Plan de Educación Financeira existentes e execución doutras novas.

## COLABORACIÓN INSTITUCIONAL

Intensificación da participación de institucións públicas e privadas de sectores diversos no fomento da educación financeira.



# BALANCE DO PERÍODO 2013-2017

---

O desenvolvemento das actividades realizadas no marco do Plan de Educación Financeira está encomendado a un grupo de traballo do que forman parte representantes da CNMV e do Banco de España, así como representantes da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, como colaborador do Plan, e da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

No ámbito do Plan, este grupo de traballo mantén reunións periódicas co fin de abordar o seu desenvolvemento mediante o establecemento de obxectivos e a realización das accións necesarias para levarlos a cabo. A execución das accións establecidas polo grupo de traballo encoméndase a membros concretos deste ou a subgrupos creados *ad hoc* para desenvolver un determinado proxecto.

Así mesmo, o grupo de traballo encárgase de coordinar a colaboración entre os diferentes axentes participantes no Plan e de estudar e promover a incorporación de novos colaboradores que puidesen resultar de interese polo sector no que están situados ou polo público ao que se dirixen.

No período comprendido entre 2013 e 2017 realizáronse numerosas accións e proxectos entre os que cabe destacar os seguintes.

## Identificación de iniciativas de educación financeira

---

A CNMV e o Banco de España realizaron un labor de identificación das actividades que se están desenvolvendo en España en materia de educación financeira de acordo coas recomendacións e directrices da OCDE<sup>2</sup>. De acordo con estas, un dos obxectivos das estratexias nacionais de educación financeira é promover a coordinación entre os diferentes axentes para evitar a duplicidade de esforzos e recursos, garantindo a coherencia das iniciativas desenvolvidas e mellorando a súa eficiencia e o seu alcance.

A información xuntoouse solicitando datos ás entidades asinantes dun convenio de colaboración coa CNMV e co Banco de España, sobre os programas e actividades relativos á educación financeira que estiveran desenvolvendo nese momento.

Da análise da información proporcionada por estas entidades, conclúese o seguinte:

- As entidades financeiras representan o tipo de entidade que desenvolve maior número de iniciativas de educación financeira. Así mesmo, realizan numerosas iniciativas as fundacións en colaboración con terceiras entidades, en particular, universidades e asociacións.
- As persoas que desenvolven ou levan a cabo as iniciativas de educación financeira son principalmente empregados e voluntarios da entidade que, nun 45%, non reciben formación específica para facelo.

---

<sup>2</sup> Véxase "OECD/INFE Guidelines for private and not-for-profit stakeholders in financial education". Novembro de 2014.

- As iniciativas están dirixidas a numerosos segmentos de poboación, tales como mozos universitarios, estudantes de bacharelato e estudantes de secundaria, autónomos, persoas en risco de exclusión social, empregados de ONG, membros de colexios profesionais, persoal do sector financeiro, xubilados, etc.
- As materias que tratan maioritariamente as entidades son as relacionadas co aforro, cos servizos e produtos bancarios e coa economía persoal. Así mesmo, outras materias que suscitan interese son as relacionadas coa fiscalidade, coa normativa do sector financeiro, coa actualidade económica, coa ética e co cumprimento normativo, etc.
- Os obxectivos que as entidades perseguen no desenvolvemento das actividades relacionadas coa educación financeira son variados e diversos na súa formulación, pero moi semellantes na súa esencia. Basicamente, os obxectivos son os seguintes:
  1. Mellorar a educación financeira dos nenos e mozos en centros de ensino.
  2. Promover/divulgar o coñecemento das características de determinados produtos.
  3. Contribuír a unha maior e mellor percepción por parte dos usuarios de produtos e servizos bancarios e financeiros.
  4. Fomentar o aforro e o control do gasto.
  5. Dar formación para obter unha especialización nos mercados financeiros.
- Os obradoiros e cursos presenciais son as actividades ás que máis recorren as entidades para impartir educación financeira aos seus diferentes públicos obxectivo. Así mesmo, identificáronse outro tipo de actividades ou recursos como vídeos, xornadas, estudos, aplicacións para teléfonos móbiles, NOOC –cursos de curta duración en liña–, etc.
- É destacable, tamén, o feito de que case a metade das iniciativas de educación financeira teñen unha presenza en redes sociais, principalmente en Twitter.

## Elaboración dun Código de Boas Prácticas para as iniciativas de educación financeira

---

Nos traballos de identificación de iniciativas púidose constatar que as entidades que levan a cabo iniciativas de educación financeira non dispoñen maioritariamente de mecanismos de resolución dos conflitos de interese que puideran xurdir entre a súa actividade comercial e as súas iniciativas de educación financeira. Os poucos mecanismos identificados son auditorías internas, comités de control e cláusulas de exoneración de responsabilidade incluídas en diversos materiais.

Neste contexto, e co fin de evitar os potenciais conflitos de interese, a OCDE establece a necesidade de desenvolver códigos de conduta para a realización de iniciativas de educación financeira. A finalidade destes códigos é asegurar a calidade e a imparcialidade das iniciativas de educación financeira levadas a cabo polas súas entidades promotoras.

De conformidade co anterior, e partindo da evidente necesidade de definir uns principios aplicables ao desenvolvemento das iniciativas de educación financeira, en maio de 2016



a CNMV e o Banco de España presentaron ás entidades colaboradoras o Código de Boas Prácticas para as Iniciativas de Educación Financeira.

Este Código parte das recomendacións da OCDE que se basean nos seguintes principios:

- A consideración da natureza de ben público da educación financeira.
- A consideración da educación financeira como actividade de Responsabilidade Social Corporativa, que pretende contribuír ao desenvolvemento da sociedade e redundar no seu beneficio e non dunha entidade concreta.
- A necesidade de que os entes públicos se impliquen na promoción e coordinación das iniciativas de educación financeira facilitando información útil, neutral e libre de calquera interese comercial.
- O deber das autoridades nacionais de identificar e abordar as potenciais deficiencias, incluíndo a escasa coordinación de iniciativas, a duplicidade de esforzos, a falta de avaliación de programas e un uso potencialmente ineficiente dos recursos.

Este Código, que, antes da súa entrada en vigor o 1 de xuño de 2016, foi sometido a audiencia de todas as entidades colaboradoras do Plan, constitúe unha experiencia pioneira na implantación deste tipo de mecanismo para iniciativas de educación financeira. A única experiencia asimilable ao caso español por semellanzas nas súas estratexias nacionais no ámbito do desenvolvemento de códigos de conduta para a educación financeira é Portugal, que dispón duns «*Principles for financial education initiatives*» impulsados polo sector público<sup>3</sup>.

O Código contén recomendacións de boas prácticas para as iniciativas de educación financeira. Pretende servir de guía para todas as actuacións desenvolvidas en España por parte de entidades financeiras, entidades sen ánimo de lucro do ámbito financeiro (agrupacións sectoriais) e entidades sen ánimo de lucro procedentes doutros ámbitos pero interesadas na educación financeira (por exemplo, asociacións educativas).

Os principios esenciais nos que se basea o contido do Código son os seguintes:

1. Facilitar unha educación financeira ao servizo das persoas.
2. Promover unha educación financeira imparcial e de calidade.
3. Separar a educación financeira da actividade comercial.
4. Adecuar a educación financeira ao público ao que se dirixe.
5. Facilitar unha educación financeira clara, veraz e precisa.
6. Proporcionar unha visión completa e libre de calquera nesgo das materias que abrangue a educación financeira.
7. Utilizar unha linguaxe sinxela, pedagóxica e adecuada para as características do público ao que se dirixe.

---

<sup>3</sup> Outros países que desenvolveron Códigos de Conduta son República Checa, Xapón, Indonesia e Sudáfrica pero trátase de iniciativas impulsadas polo sector privado (non promovidas por institucións públicas). Estes códigos son de natureza voluntaria e, salvo no caso de Indonesia, non teñen carácter sancionador.

8. Evitar o uso de logos e marcas propios, cando se trate de entidades con ánimo de lucro.
9. Dispoñer de formadores debidamente capacitados.
10. Avaliar os resultados obtidos coas iniciativas de educación financeira.

O Código publicouse no sitio web [www.finanzasparatodos.es](http://www.finanzasparatodos.es) e foi presentado ás entidades colaboradoras do Plan, as cales manifestaron o seu compromiso de adherirse aos principios recollidos no Código e utilízalos como referente á hora de deseñar as súas estratexias de educación financeira.

Xúntase como Anexo II o Código de Boas Prácticas para as iniciativas de educación financeira.

## O Día da Educación Financeira

---

O Día da Educación Financeira é unha iniciativa impulsada polo Plan de Educación Financeira cuxa finalidade é dedicar o primeiro luns do mes de outubro a recordar e concienciar os cidadáns da importancia de contar cun adecuado nivel de cultura financeira para afrontar os retos aos que se enfrontarán ao longo das diferentes etapas da vida.

Esta iniciativa conta co apoio das institucións e asociacións que colaboran co Plan de Educación Financeira e que, durante ese día ou ao longo de varios días, participan activamente nun gran número de actividades en todo o territorio nacional.

Así mesmo, con ocasión do Día da Educación Financeira, celébrase un acto central presidido polas máximas autoridades da CNMV e do Banco de España e da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa que congrega aos principais representantes das institucións que desenvolven iniciativas de educación financeira en España.

As tres edicións do Día da Educación Financeira realizadas deica a data tiveron unha boa acollida por parte dos promotores, participantes e destinatarios desta iniciativa.

Coa finalidade de divulgar as distintas actividades propostas con ocasión deste Día, a CNMV e o Banco de España habilitaron e deseñaron a páxina web específica do Día ([www.diadelaeducacionfinanciera.es](http://www.diadelaeducacionfinanciera.es)) destinada a informar sobre o seu obxectivo e a ser unha plataforma na que persoas físicas e todo tipo de entidades poden rexistrar as diferentes iniciativas desenvolvidas arredor desta xornada.

A páxina web dispón dun sistema de xeolocalización que facilita a procura e localización das distintas iniciativas e que especifica os seus detalles de celebración. Así mesmo, hai un apartado destinado ás novidades relacionadas co Día da Educación Financeira e outro relativo aos premios que se outorgan ese Día: os Premios Finanzas para Todos e os Premios do Programa de Educación Financeira, actuacións ambas as dúas que se describen nas seguintes epígrafes.

Entre as actividades que se desenvolven cada ano arredor deste Día, que son numerosas e diversas, destacan:

---

- Obradoiros para o público en xeral sobre temas como o endebedamento, uso de tarxetas, economía doméstica, operativa con contas correntes, uso de banca móbil ou uso das novas tecnoloxías.
- Obradoiros en colexios e centros educativos e de formación profesional.
- Cursos de planificación financeira e xestión do aforro.
- Programas de radio.
- Lanzamento de webs ou *microsites* de educación financeira.
- Publicación de estudos ou artigos especializados en prensa ou revistas.
- *Stands* a pé de rúa para resolver dúbidas dos cidadáns.
- Liñas telefónicas de consultas sobre temas do ámbito dos valores, bancario e de seguros.
- Cursos educativos *online*.
- Conferencias en Universidades.
- Obradoiros para pequenos empresarios.
- Concursos en redes sociais.
- Vídeos educativos.
- Reedicións de libros.
- Carreiras solidarias.
- Visitas a museos.
- Teatro.

## Premios Finanzas para Todos

---

En 2016 naceron os premios Finanzas para Todos coa vocación de impulsar a calidade, excelencia e imparcialidade das iniciativas de educación financeira desenvolvidas en España e fomentar a provisión adecuada e efectiva destas iniciativas. O Premio Finanzas para Todos pretende recoñecer cada ano o labor das institucións ou persoas físicas que mostraron unha dedicación e un compromiso excepcionais no ámbito da educación financeira.

Ademais, este Premio aspira a ser un medio a través do cal se resalten as iniciativas de educación financeira que poden chegar a constituírse en referentes da educación financeira en España.

Se ben en 2016 lanzouse unha única convocatoria dirixida a todas as iniciativas realizadas por persoas físicas ou xurídicas que desenvolveran a súa actividade en España desde o 1 de xaneiro de 2015, en 2017 establecéronse dúas categorías de premios Finanzas para Todos: o Premio á mellor iniciativa de educación financeira e o Premio á implementación do Plan de Educación Financeira.

Á primeira categoría dos premios poden presentarse persoas físicas ou xurídicas que non sexan entidades colaboradoras do Plan e que puxesen en marcha iniciativas de educación financeira significativas polo seu alcance social ou pola súa novidade.

Á segunda categoría poden concorrer as entidades colaboradoras do Plan que se destacaran na promoción e difusión da estratexia nacional de educación financeira.

A avaliación das candidaturas e a elección das iniciativas ganadoras corresponden a un Xurado formado por responsables dos organismos promotores do Plan de Educación Financeira. A decisión tómase atendendo a criterios como a orixinalidade e creatividade na elaboración e no desenvolvemento da iniciativa, a claridade, veracidade e precisión dos contidos, a imparcialidade e calidade da información facilitada, a adecuación da iniciativa de educación financeira ao público ao que se dirixe, a capacitación dos formadores e os mecanismos establecidos para a avaliación da iniciativa.

A dotación dos premios consiste nun obxecto conmemorativo, na concesión do correspondente Diploma e nunha visita cultural ao Banco de España.

A iniciativa gañadora na primeira edición celebrada en 2016 foi «Finanzas Inclusivas» da Fundación ONCE. Unha iniciativa destinada a promover a educación financeira para persoas con discapacidade intelectual e dificultades de aprendizaxe que ten como obxectivos esenciais transmitir conceptos básicos financeiros, axudar a mellorar a capacidade de facer un uso responsable do diñeiro e adquirir os coñecementos financeiros que se aplican ao mundo laboral. Esta iniciativa destacou entre os proxectos candidatos polo seu excepcional grao de compromiso social e a súa dedicación á educación financeira a través duns contidos de gran calidade.

Pola súa banda, en 2017, o premio Finanzas para Todos á implementación do Plan de Educación Financeira foi outorgado ao proxecto da Fundación Mapfre “Seguros e pensións para todos”. Trátase dun espazo dedicado a impulsar e difundir a cultura aseguradora e a previsión social no que se poden encontrar desde conceptos básicos ata a resolución de consultas cotiás neste ámbito. O Xurado resaltou a calidade e variedade dos contidos, a longa traxectoria deste proxecto e a forma práctica e didáctica de abordar a materia.

Pola súa parte, o Premio Finanzas para Todos na categoría de mellor iniciativa de educación financeira foi concedido ao proxecto da Fundación Isadora Duncan dirixido a familias monoparentais. O Xurado destacou a importante dedicación dos responsables desta Fundación a axudar a familias monoparentais, particularmente nais solteiras, facilitándolles información sobre a educación dos fillos, axudas e prestacións, os dereitos e as dificultades ás que poden enfrontarse, tanto a nivel social coma persoal.

## **Impulso e sinatura de novos convenios de colaboración**

---

Para o desenvolvemento e execución do Plan é imprescindible a colaboración de todos os actores implicados na educación financeira tales como administracións públicas, industria financeira, empresas, institucións de investigación, asociacións de consumidores ou sistema educativo. A súa cooperación resulta esencial para afrontar os obxectivos do Plan e proporcionar a capilaridade suficiente para chegar a todos os segmentos da poboación e, así, incrementar os niveis de cultura financeira da poboación.

A colaboración dos citados actores no Plan de Educación Financeira articúlase a través de Convenios de Colaboración que asinan cada entidade ou institución que desexe ser colaborador, coa CNMV e o Banco de España. Neses Convenios recóllese o compromiso do colaborador de desenvolver dentro do seu ámbito de actuación actividades que fomenten a educación financeira e as liñas xerais nas que se baseará a colaboración.

Con carácter xeral, os colaboradores do Plan son entidades sen ánimo de lucro, particularmente fundacións ou asociacións sectoriais, que imparten programas de educación financeira destinados a todo tipo de público.

Entre os colaboradores do Plan encóntranse institucións dedicadas á investigación ou realización de estudos de áreas relacionadas coa educación financeira, outras que agrupan colectivos de público concretos e que son considerados segmentos obxectivos da educación financeira, como as asociacións educativas ou de xubilados, e algunhas que se dirixen especificamente aos colectivos menos favorecidos ou necesitados de inclusión financeira, así como as administracións públicas cunha responsabilidade directa ou indirectamente relacionada coa educación financeira.

Desde o 2008, e con maior intensidade no período 2013-2017, formalizáronse numerosos acordos de colaboración con diferentes institucións. O Plan de Educación Financeira conta actualmente con trinta colaboradores de ámbitos tan variados como o bancario, o educativo, a investigación ou o terceiro sector (véxase Anexo III).

## Educación Financeira nos centros de ensino

---

O Plan de Educación Financeira ten entre as súas liñas de acción prioritarias o fomento da educación financeira nos centros de ensino de acordo coas recomendacións da OCDE.

### ❖ *Desenvolvemento do Programa Escolar de Educación Financeira*

Para fomentar a educación financeira nos centros de ensino, a CNMV e o Banco de España asinaron en 2009 un convenio de colaboración co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Ao abeiro deste convenio véñese desenvolvendo desde 2010 un Programa de Educación Financeira dirixido aos estudantes de entre 14 e 18 anos (3º e 4º da ESO ou Ciclos Formativos de Grao Medio) que, no curso 2017/2018, cumpre a súa sexta edición.

Anualmente inscríbense no Programa arredor de 500 centros de todas as Comunidades Autónomas. Os colexios públicos representan arredor do 70% dos colexios participantes, seguidos polos colexios concertados (25%) e os colexios privados (5%). Nas cinco primeiras edicións beneficiáronse do Programa arredor de 300 000 alumnos en total.

O Programa é voluntario, flexible e adaptable. Os centros inscritos teñen acceso ao material didáctico básico, constituído por un manual do profesor e un manual para o alumno, dividido en 10 temas cada un, que foron traducidos ás linguas cooficiais en España e ao inglés.

Estes manuais abordan as áreas temáticas relativas a diñeiro e transaccións, planificación e xestión das finanzas persoais, o risco e o beneficio e o panorama financeiro. Unha vez

que o centro se rexistra no Programa<sup>4</sup>, pode acceder aos materiais didácticos a través unha zona reservada para os profesores na web [www.gepeese.es](http://www.gepeese.es).

Esta web, ademais, dispón dunha zona aberta a todo o público, -configurada como un repositorio de recursos didácticos, utilidades, ferramentas multimedia, xogos e obradoiro de actividades-, que pode servir de apoio ao profesor para impartir as clases.

Cada centro pode impartir os contidos da forma que mellor se axuste á súa programación. Non obstante, recoméndase que os contidos se traten de xeito transversal, integrados noutras áreas de coñecemento como as Matemáticas, Ciencias Sociais (Xeografía, Historia), etc. Dado que a competencia financeira é unha competencia transversal, impartir o Programa supón desenvolver múltiples competencias. Xúntase como Anexo IV un resumo das diferentes competencias clave que se desenvolven nel, así como a súa relación coa competencia financeira.

A participación no Programa, ademais, permite aos centros inscribirse no Concurso que se celebra anualmente e cuxos premios se entregan o Día da Educación Financeira. A finalidade deste Concurso é sensibilizar os alumnos da importancia da educación financeira nas distintas etapas da vida. O seu obxecto variou nas distintas edicións do Programa de Educación Financeira, desde a realización de infografías e vídeos ata artigos de prensa relacionados coa educación financeira.

Na última edición puxéronse a proba os coñecementos adquiridos polos alumnos mediante un concurso de preguntas e respostas con distintas fases eliminatorias. Enfrontáronse na final o IES Al Satt de Algete (Madrid) e o IES Gustavo Adolfo Becquer, de Sevilla, e alzouse coa vitoria o instituto de Madrid. A experiencia foi tan positiva que este formato repetirase nos próximos cursos.

#### ❖ *Difusión do Programa Escolar de Educación Financeira*

Co obxectivo de dar a coñecer o Programa Escolar de Educación Financeira entre os centros educativos, os membros do grupo de traballo do Plan recorrentemente contactan cos diversos actores involucrados en educación. Así, mantéñense reunións con responsables do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (con quen o Banco de España e a CNMV ten asinado un convenio de colaboración para promover a educación financeira nos colexios desde o ano 2009) así como con responsables das Consellerías de Educación de todas as Comunidades Autónomas.

O obxectivo é difundir a información máis relevante sobre o Programa, o seu contido, materiais e alcance. O Programa goza de boa aceptación e a maioría das Consellerías colaboran notablemente ao seu impulso nos centros escolares.

Así mesmo, o Programa difúndese a través das distintas asociacións educativas<sup>5</sup> que aglutinan os centros privados, concertados e públicos de toda España. O labor destas asociacións educativas foi fundamental á hora de dar a coñecer o Programa.

---

<sup>4</sup> [http://www.gepeese.es/Inscripcion\\_Centros/Formulario-Cursos.aspx](http://www.gepeese.es/Inscripcion_Centros/Formulario-Cursos.aspx).

<sup>5</sup> ACADE, CECE, CICAIE, FERE-CECA e UECO.

## ❖ *Avaliacións do Programa Escolar de Educación Financeira*

Para coñecer o impacto desta iniciativa, desde 2010 viñeron realizándose algunhas avaliacións no marco do Programa Escolar de Educación Financeira, que destacan a súa efectividade.

Concretamente, a última avaliación realizada, correspondente ao Programa impartido en centros de ensino secundario durante o curso 2014-2015<sup>6</sup>, pon de manifesto un impacto positivo do Programa de Educación Financeira en:

1. **O coñecemento financeiro dos alumnos.** Os alumnos que recibiron o curso de educación financeira obtiveron mellores resultados en diversos tests de coñecementos financeiros, en comparación cos alumnos que non recibiron ese curso.
2. **O coñecemento dos alumnos en materia de relacións bancarias.** A avaliación conclúe que o curso de educación financeira aumentou especialmente o coñecemento dos alumnos en materia de "relacións bancarias" (por exemplo, no relativo a apertura e cancelación de contas bancarias, consecuencias de incorrer en descuberto ou coñecemento sobre comisións bancarias), e o seu impacto foi menos evidente no referido aos temas sobre o aforro, os medios de pagamento ou o consumo responsable.
3. **A proporción de alumnos que fala cos proxenitores sobre economía.** O curso de educación financeira incrementou significativamente a proporción de alumnos que fala cos proxenitores sobre asuntos económicos, o que apunta á idea de que o Programa Escolar pode redundar en beneficio non só do alumnado que o recibe, senón tamén das súas familias.
4. **A proporción de alumnado que realiza algún traballo no ámbito doméstico para obter ingresos.** Tras recibir o curso, a porcentaxe de alumnos que realizaba algún traballo no ámbito doméstico para obter ingresos aumenta, o que suxire que o curso de educación financeira pode levar canda si unha maior implicación dos alumnos nas cuestións financeiras das súas familias.
5. **A proporción de alumnado que elixe unha opción de consumo futuro fronte ao consumo presente.** A avaliación detecta, así mesmo, un cambio nas actitudes dos alumnos con respecto ás súas preferencias temporais de consumo tras recibir o curso de educación financeira, incrementando a súa paciencia á hora de enfrontarse a eleccións monetarias hipotéticas. Concretamente, observouse que, tras recibir o curso, aumentou a porcentaxe de alumnos que elixiu unha opción de consumo futuro fronte ao consumo presente.

Este resultado observado en eleccións hipotéticas non desapareceu nun exercicio, realizado tres meses despois de realizar o curso, no que se propoñía aos estudantes que distribúsen o seu consumo presente e futuro con pagamentos reais. Estes resultados apuntan á necesidade de realizar un seguimento no tempo dos alumnos avaliados, con obxecto de analizar os efectos do curso de Educación Financeira no longo prazo, dada a relevancia das actitudes de consumo na toma de decisións financeiras ao longo do ciclo vital dos individuos.

---

<sup>6</sup> Bover, O., L. Hospido e E. Villanueva (2018) *The Impact of High School Financial Education on Financial Knowledge and Choices: Evidence from a Randomized Trial in Spain*, Documentos de Trabajo. N.º 1801. Banco de España, Eurosistema.

Seguindo co esforzo de investigación e avaliación que desde o Plan de Educación Financeira se está acometendo, no próximo período 2018-2021 farase un seguimento aos alumnos aos que se avaliou inicialmente co fin de coñecer os impactos do Programa escolar a máis longo prazo e ter, deste xeito, un coñecemento máis completo.

#### ❖ *Outras valoracións e opinións sobre o Programa Escolar de Educación Financeira*

Así mesmo, recolléronse, ao longo deste período, diversas opinións dos profesores participantes no Programa, os que poñen de manifesto a necesidade de incluír máis xogos e actividades prácticas e dinámicas para o alumnado, así como máis formación para o profesorado no ámbito da educación financeira. Tamén foi xeneralizada a idea dos profesores de que a educación financeira debía estar integrada no currículo escolar, como finalmente sucedeu.

En calquera caso, como valoración global, o Programa recibiu o apoio e valoración positiva do profesorado que o desenvolveu.

#### ❖ *Inclusión da educación financeira no currículo escolar*

Un dos éxitos máis importantes deste período do Plan de Educación Financeira foi a súa contribución para a inclusión da educación financeira no currículo escolar<sup>7</sup>. Trátase dun logro impulsado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte co apoio activo do Banco de España e da CNMV.

A continuación detállanse os contidos de educación financeira que foron incluídos nos diferentes desenvolvementos normativos, tanto en Educación Primaria coma en Educación Secundaria.

---

<sup>7</sup> O actual sistema educativo español está baseado na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE). Os desenvolvementos que recollen a integración de contidos de educación financeira recóllense nos reais decretos que establecen o currículo de ensinanzas mínimas:

- Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico de ensinanzas mínimas de Educación Primaria.
- Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e Bacharelato.

Ambos os reais decretos recollen os aspectos básicos a partir dos cales as distintas administracións educativas fixan o seu ámbito de xestión, a configuración curricular e a ordenación das ensinanzas nestas etapas.



- *Educación Financeira en Primaria*

Este período abrangue desde os 6 ata os 12 anos e artículase en seis cursos académicos. A configuración do currículo inclúe os contidos de educación financeira na materia de Ciencias Sociais. Esta materia troncal está configurada en 4 bloques de contidos: 1) Contidos comúns; 2) O mundo en que vivimos; 3) Vivir en sociedade; e 4) As pegadas do tempo.

Os contidos de educación financeira intégranse no bloque 3 (Vivir en sociedade) co seguinte detalle:

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLE
Educación Financeira. O diñeiro. O aforro	Describir o funcionamento da publicidade e as súas técnicas, distinguindo publicidade educativa e publicidade consumista	Valora con espírito crítico a función da publicidade e reconece e explica as técnicas publicitarias máis habituais, analizando exemplos concretos.
		Diferencia entre distintos tipos de gasto e adapta o seu orzamento a cada un deles.
	Tomar conciencia do valor do diñeiro e dos seus usos mediante un consumo responsable e o sentido do aforro.	Planifica os seus aforros para gastos futuros elaborando un pequeno orzamento persoal.
		Investiga sobre distintas estratexias de compra, comparando prezos e recompilando información.

Este bloque impártese con diferentes contidos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación dependendo do curso académico que corresponda (desde 1º a 6º). Cada administración educativa decide a maneira de distribuír os contidos.

En particular, os contidos de educación financeira sitúanse xeralmente entre os últimos tres cursos de primaria (4º, 5º e 6º), ben centrándoos todos nun curso concreto ou ben de forma transversal integrando os diferentes estándares de aprendizaxe en educación financeira entre os diferentes cursos. Todos os alumnos de Educación Primaria reciben uns contidos mínimos de educación financeira.

- *Educación Financeira en Secundaria*

A ESO comprende catro cursos académicos que van desde os 12 aos 16 anos de idade e que a LOMCE divide en dous ciclos: 1º ciclo que comprende 1º, 2º e 3º de ESO e 2º ciclo que se refire exclusivamente a 4º ESO

En Educación Secundaria, o currículo integra a maioría dos contidos de educación financeira (contidos sobre finanzas persoais) na materia de Economía de 4º da ESO, considerada como “troncal de opción”, e que non ten carácter obrigatorio para todos os alumnos (fronte á denominada “troncal xeral”, que é obrigatorio en calquera caso).

Esta materia consta de seis bloques de contidos: 1) Ideas económicas básicas; 2) Economía e Empresa; 3) Economía persoal; 4) Economía e ingresos e gastos do Estado; 5) Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego; 6) Economía internacional.

### Detalle do bloque 3: Economía Persoal

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLE
a) Ingresos e gastos. Identificación e control.	1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os diferentes tipos de ingresos e gastos, controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	1.1. Elabora e realiza un seguimento a un orzamento ou plan financeiro personalizado e identifica cada un dos ingresos e gastos.
b) Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.		1.2 Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.
		1.3 Manexa gráficos de análise que lle permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.
c) Aforro e endebedamento. Os plans de pensións.	2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal relacionando estas co benestar propio e social.	2.1 Comprende as necesidades de planificación e de manexo dos asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada unha das etapas de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.
d) Risco e diversificación.	3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro e manexar o aforro como medio para alcanzar diferentes obxectivos.	3.1 Coñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.
e) Planificación do futuro. Necesidades económicas nas etapas da vida.		3.2 Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento valorando o risco e seleccionando a decisión máis adecuada para cada momento.
f) O diñeiro. Relacións bancarias. A primeira conta bancaria. Información. Tarxetas de débito e crédito.	4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar as diferentes tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento valorando a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	4.1 Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento na operativa coas contas bancarias.
g) Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos consumidores no mercado financeiro.		4.2 Valora e comproba a necesidade de ler detidamente os documentos que presentan os bancos, así como a importancia da seguridade cando a relación se produce por internet.
		4.3 Recoñece o feito de que se poden negociar as condicións que presentan as entidades financeiras e analiza o procedemento de reclamación ante as elas.
h) O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.		4.4 Identifica e explica as distintas modalidades de tarxetas que existen, así como o esencial da seguridade cando se opera con tarxetas.
	5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade	5.1 Identifica e diferencia os diferentes tipos de seguros segundo os riscos ou situacións adversas nas diferentes etapas da vida.

Por todo o anterior, se ben se pode considerar que os contidos de educación financeira están incorporados en secundaria, non están presentes de forma universal para todos os alumnos. O grao de optatividade que se lle da á materia de Economía en 4º curso da ESO, deixa fóra, por un lado, aos alumnos que se orientan cara á Formación Profesional e, por outro lado, aos alumnos cuxos intereses van dirixidos a un Bacharelato de Ciencias.

Cada administración educativa, con base no Real decreto 1105/2014, de Secundaria, configura a súa propia oferta educativa e pode desenvolver, ampliar ou matizar os contidos mínimos que recolle ese real decreto. Inclúese como Anexo V unha táboa sobre o grao de desenvolvemento normativo que estableceu cada comunidade autónoma en relación coa educación financeira.

Como se dixo, a modalidade elixida para a inclusión de contidos de finanzas persoais no currículo non garante que alcancen á universalidade dos alumnos que terminan a ESO. Esta realidade segue deixando, xa que logo, espazo para o Programa Escolar que, con carácter de voluntariedade, ofrece o Plan de Educación Financeira aos centros.

#### ❖ *Formación do profesorado e elaboración de recursos para o Programa Escolar de Educación Financeira*

Os recursos elaborados no marco do Programa de Educación Financeira destinados a profesores e alumnos fóronse adaptando e actualizando de acordo cos resultados das avaliacións do Programa realizadas nos últimos anos.

En particular, nas avaliacións realizadas púxose de manifesto a necesidade de ofrecer formación aos docentes, o que levou á elaboración duns manuais para o profesor nos que se inclúen ideas e recursos para utilizar na aula, áreas curriculares vinculadas, así como a área relacionada de PISA, Competencia financeira.

Ademais, o Plan de Educación Financeira elaborou, xunto co Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado (INTEF), un curso dirixido a profesores de primaria e secundaria para capacitarse na impartición de temas de educación financeira (sexa cal sexa a súa formación previa). Este curso está aberto actualmente a todo o público e pódese acceder a el a través da plataforma do INTEF.

Así mesmo, iniciouse a gravación dunha serie de NOOC (cursos abertos, masivos e en liña de curta duración), sobre a importancia da educación financeira, os créditos rápidos e as tarxetas bancarias, elaborados polo Plan de Educación Financeira en colaboración co INTEF, que tratan de formar ao profesorado en aspectos relevantes da educación financeira. Nunha segunda fase, está prevista a gravación de tres NOOC adicionais sobre o aforro, o comercio electrónico e a psicoloxía na toma de decisións financeiras.

### ❖ *Avaliación PISA de competencia financeira*

O nome PISA corresponde coas siglas do programa segundo se enuncia en inglés, *Programme for International Student Assessment*, é dicir, Programa para a Avaliación Internacional de Alumnos. É un proxecto da OCDE (Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos) que ten como obxectivo avaliar a formación dos alumnos cando chegan ao final da etapa de ensino obrigatorio, cara aos 16 anos.

Trátase dunha poboación que se encontra a punto de iniciar a educación post-secundaria ou que a curto prazo se integrará na vida laboral. O Programa foi concibido como un recurso para ofrecer información abundante e detallada que permita aos países membros adoptar as decisións e políticas públicas necesarias para mellorar os niveis educativos.

A avaliación cobre as áreas de lectura, matemáticas e competencia científica. PISA, ademais da avaliación destas competencias tradicionais, en cada ciclo incorpora unha competencia innovadora. En 2012 incorporou a avaliación da competencia financeira.

### **PISA 2012**

PISA 2012 foi o primeiro estudo internacional a grande escala que avaliou en 18 países<sup>8</sup> a competencia financeira dos estudantes ao final da súa educación obrigatoria, a maioría deles en 4º de Educación Secundaria ou en 10º Grao.

A educación financeira é definida por PISA 2012 como o proceso a través do cal os estudantes melloran a súa comprensión dos produtos, conceptos e contextos financeiros, desenvolven habilidades para ser máis conscientes dos riscos e das oportunidades financeiras, realizan eleccións informadas e adoptan accións para solucionar os seus problemas financeiros, e así, en última instancia, mellorar o seu benestar financeiro e ser máis partícipes nos asuntos da vida económica (OCDE, 2013).


As áreas de contido incluídas neste marco son diñeiro e transaccións, planificación e xestión das finanzas, risco e beneficio e panorama financeiro. O marco cobre os procesos de identificar información financeira, analizar información nun contexto financeiro, valorar cuestións financeiras, aplicar o coñecemento e a comprensión financeira nos contextos da educación e do traballo, do fogar e da familia, persoal e social. Ademais, o marco analiza a relación da competencia financeira coas destrezas non cognitivas, a competencia matemática e lectora e a medición do comportamento e a experiencia financeira dos alumnos.

As puntuacións medias dos países son estimacións do verdadeiro valor do rendemento dos seus estudantes de 15 anos, posto que os resultados se obtiveron por medio dunha mostra representativa da poboación de todos os estudantes desta idade dentro de cada país ou economía.

---

<sup>8</sup> Os países que participaron en Competencia Financeira foron 13 da OCDE: Australia, Bélxica, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estados Unidos, Estonia, Francia, Israel, Italia, Nova Zelandia, Polonia e República Checa, e 5 países (ou economías) asociados: Colombia, Croacia, Federación Rusa, Letonia e Shanghái-China.

## Puntuacións medias estimadas e intervalos de confianza do 95% para a media poboacional de finanzas para a vida. 2012



Fonte: Informe español. PISA 2012. Páxina 43. OCDE.

O resultado obtido en España na avaliación de competencia financeira en PISA 2012 foi de 484 puntos<sup>9</sup>. A media da OCDE foi de 500 puntos.

As puntuacións medias máis altas corresponderon a Shanghái-China (603) e Flandres-Bélgica (541). A continuación, sitúanse Estonia (529), Australia (526) e Nova Zelandia (520) con puntuacións sen diferenzas significativas entre eles e por riba da media OCDE.

Estes resultados déronse a coñecer o 9 de xullo de 2014 no Congreso "Finanzas para a Vida" organizado pola CNMV, o Banco de España, o Instituto Nacional de avaliación Educativa (INEE) e o Centro Nacional de Innovación e Investigación Educativa (CNIIE).

<sup>9</sup> Fonte: Informe español. PISA 2012. Competencia Financeira.


## PISA 2015

A competencia financeira avalíouse por segunda vez no Estudo PISA na edición de 2015, o que permitiu a comparación internacional.

En PISA 2015, unha mostra representativa de 53 000 alumnos procedentes de 15 países<sup>10</sup>, entre eles España, participou nesta proba. O formato foi dixital (frente á avaliación anterior, que se realizou en papel), igual ca o resto das probas cognitivas e de contexto.

O alumnado realizou unha proba dunha hora, que incluía dous bloques de preguntas de competencia financeira, 43 en total, referidas a estímulos que incluían textos narrativos, expositivos, diagramas, táboas, gráficos e ilustracións. A maioría eran preguntas de ancoraxe, xa utilizadas en 2012, e engadíronse cuestións novas. Ademais, cubriu un cuestionario sobre a súa situación escolar nesta materia, as súas experiencias e actitudes. Pola súa banda, os directores dos centros escolares tamén responderon preguntas sobre a educación financeira no contexto escolar e deron as súas opinións.

### Puntuacións medias estimadas e intervalos de confianza do 95% para a media poboacional de finanzas para a vida. 2015



Fonte: Informe español. PISA 2015. Páxina 45. OCDE.

<sup>10</sup> Os países que participaron en Competencia Financeira en PISA 2015 foron 10 da OCDE: Australia, Bélxica (Flandres), Canadá (Provincias), Chile, Eslovaquia, España, Estados Unidos, Italia, Países Baixos e Polonia, e 5 países asociados: B-S-J-G Rexións de China (Beijing-Shanghái-Jiangsu-Guangdong), Brasil, Federación Rusa, Lituania e Perú.

A puntuación de España<sup>11</sup> (469) en competencia financeira quedou significativamente por debaixo da media do conxunto de países e economías participantes (481). As mellores puntuacións foron para as Rexións de China (566), Bélxica-Flandres (541) e Canadá-Provincias (533). No extremo oposto, as peores puntuacións corresponderon aos tres países suramericanos que participaron na avaliación: Chile (432), Perú (403) e Brasil (394).

Os resultados de PISA en competencia financeira foron presentados en maio de 2017.

En definitiva, os resultados de PISA 2012 e 2015 mostran que o rendemento de España en competencia financeira queda por debaixo da media dos países da OCDE que participaron no estudo.

De aí a necesidade de intensificar os esforzos neste ámbito desde o Plan de Educación Financeira. España ten comprometida xa a inclusión da competencia financeira na quenda PISA 2018 e é de esperar que tamén a inclúa en PISA 2021, de tal maneira que haberá unha medida obxectiva para medir os eventuais avances neste campo.

## Promoción do Plan de Educación Financeira

---

Co fin de informar a poboación sobre temas financeiros útiles do seu día a día, lévanse emitindo en **Radio 5** semanalmente, desde setembro do ano pasado, os microprogramas de “Las Cuentas Claras”. Estes programas están tamén dispoñibles na páxina web de Radio Televisión Española na ligazón <http://www.rtve.es/alacarta/audios/las-cuentas-claras/>, desde onde se poden descargar libremente.

Coa colaboración de especialistas do Banco de España, a CNMV e a DXSFP, estes programas (de 3-4 minutos de duración) tocan temas financeiros variados dunha forma sinxela e amena, como créditos rápidos, pagamentos inmediatos, comisións de caixeiros, consellos de investimento, publicidade financeira, TAE, etc. Deica a data, graváronse preto de 50 programas.

Por outra banda, entre setembro de 2016 e xuño de 2017, colaborouse semanalmente con **Radio Aragón**, que conta cun programa diario de economía, coa elaboración de micro pílulas divulgativas sobre temas de educación financeira.

Graváronse 17 pílulas e tratáronse temas diversos como os *chiringuitos financeiros*, o orzamento familiar, que son e como funcionan os fondos de investimento, como reclamar no ámbito dos servizos financeiros ou consellos e advertencias que se deben ter en conta á hora de investir.

Así mesmo, o Plan de Educación Financeira conta co perfil en **Twitter** @finanzaspartodose un perfil en **Facebook** a través dos cales difunde correntemente información de interese para o público e os *post* que semanalmente se publican na web [www.finanzasparatodos.es](http://www.finanzasparatodos.es).

---

<sup>11</sup> Fonte: Informe español. PISA 2015. Competencia Financeira

Adicionalmente, coa finalidade de promocionar o Plan de Educación Financeira e destacar a importancia da educación financeira, participouse en xornadas de formación organizadas por colaboradores do Plan de Educación Financeira e institucións diversas.

## Actividade internacional

---

Durante o período 2013-2017, intensificáronse a participación e a colaboración con organismos multilaterais, en especial coa *International Network on Financial Education* (INFE) da OCDE da que forman parte a CNMV, o Banco de España e a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira como membros plenos (*full members*). Así mesmo, dous dos colaboradores do Plan de Educación Financeira (Fundación UCEIF e Institut d'Estuds Financers) son membros afiliados da INFE.

As recomendacións e principios da OCDE constitúen a base para a definición das accións do Plan e a INFE, creada en 2008, representa un lugar de intercambio de coñecemento e boas prácticas entre os países membros. A través de INFE, xúntanse datos comparables fidedignos entre os distintos países, desenvólvense metodoloxías de avaliación do impacto, lévanse a cabo investigacións e análises comparativas, deséñanse instrumentos normativos e foméntanse medidas eficaces de aplicación e supervisión. Pertencen a esta rede máis de 240 institucións públicas de 115 países.

O Comité Técnico de INFE reúne a todos os países membros desta rede dúas veces ao ano para abordar diversos temas de interese relacionados coa educación financeira. Nos últimos anos, tratáronse materias como o benestar financeiro, os colectivos vulnerables, o aforro para a xubilación ou os mecanismos de resolución de conflitos de interese entre outros.

A CNMV, o Banco de España e a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira colaboran activamente en INFE intercambiando experiencias e participando na elaboración de documentos de interese para o desenvolvemento da estratexia nacional.



## Documentos elaborados pola rede INFE da OCDE no período 2013-2017.

- 2013: Addressing Women&Girls Needs for Financial Education
- 2013: Detailed Guide to evaluation.
- 2013: G20-OECD- Advancing National Strategies for Fin Edu
- 2013: Women and Financial Education
- 2014: Fin Edu for Youth- The role of schools
- 2014: Guidelines on Fin Edu for Private- not for profit Stakeholders.
- 2015: Core Competencies Framework- Youth
- 2015: National Strategies for Fin Edu- Policy Handbook
- 2015: PISA 2012 Results- Students and Money
- 2015: Progress Report on Fin Edu for MSMEs
- 2015: Toolkit for measuring Fin Lit
- 2016: Fin Edu Policies in Europe
- 2016: Financial Education- Long term Integration of Refugees
- 2016: G20-OECD-INFE Core Competencies Framework- Adults
- 2016: OECD-INFE International Survey- Adult Fin Lit Competencies
- 2017: G20-OECD-INFE Report on Adult Financial Literacy in G20 Countries
- 2017: G20-OECD-INFE Report on Financial Education&Consumer Protection- Digital Age
- 2017: PISA 2015 Results- Financial Literacy

## Enquisa de competencias financeiras

Para que se leven a cabo estratexias nacionais adecuadas no ámbito da educación financeira, a OCDE recomenda identificar cales son as necesidades reais da poboación a través de análise dos sectores de poboación e de ferramentas demoscópicas, como enquisas nacionais<sup>12</sup>.

Estas enquisas sobre cultura financeira poden axudar os seus promotores a identificar as áreas de coñecemento que hai que reforzar e a establecer a base sobre a que medir a efectividade dos programas de educación financeira na sociedade e os seus progresos no coñecemento.

Neste contexto, o Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores, dentro do marco do Plan de Educación Financeira, realizaron unha Enquisa de Competencias Financeiras (ECF). A enquisa, realizada entre o último trimestre de 2016 e o segundo de 2017, mide o coñecemento e a comprensión de conceptos financeiros da poboación española de entre 18 e 79 anos, así como a tenza, adquisición e uso de distintos vehículos de aforro, débeda e aseguramento.

Esta enquisa, incluída no Plan Estatístico Nacional, presenta características relevantes que permiten unha descrición rigorosa e comprensiva dos coñecementos financeiros da poboación adulta en España e da súa relación co sistema financeiro.

---

<sup>12</sup> *Measuring Financial Literacy: Core Questionnaire in Measuring Financial Literacy: Questionnaire and Guidance Notes for conducting an Internationally Comparable Survey of Financial literacy. Paris: OECD*


A continuación, recóllense algúns dos primeiros resultados da citada enquisa que se tiveron en conta para elaborar a estratexia recollida neste Plan.

### ❖ *Coñecementos financeiros*

Os coñecementos financeiros mídense mediante tres preguntas utilizadas previamente en varios estudos internacionais<sup>13</sup>. Estas tres preguntas refírense ao manexo das finanzas persoais e están relacionados cos conceptos de inflación, xuro composto e diversificación do risco.

O 58% dos entrevistados responde correctamente a primeira pregunta sobre a inflación. O 46% responde correctamente a pregunta sobre tipo de xuro composto e o 49% a relativa á diversificación do risco. O gráfico seguinte mostra estes datos.

Gráfico 1. RESPUESTAS A PREGUNTAS SOBRE CONOCIMIENTOS FINANCIEROS



Os coñecementos financeiros da poboación adulta en España sitúanse en xeral arredor da media de todos os países considerados. Unicamente a porcentaxe de respostas correctas en España está claramente por debaixo da media (tanto de todos os países coma dos países OCDE e UE) para o concepto de diversificación do risco.

A porcentaxe de respostas correctas proporcionadas por mulleres é arredor de 10 puntos inferior á porcentaxe de respostas correctas proporcionadas por homes. Polo menos a metade desta diferenza débese a que, en cada unha das preguntas, as mulleres responden con maior frecuencia ca os homes “non sabe”.

A porcentaxe de respostas correctas depende do nivel educativo da persoa entrevistada. O 70% dos individuos con estudos universitarios ou equivalentes responde correctamente

<sup>13</sup> Ademais de no cuestionario de INFE, estas preguntas véñense utilizando en varios países desde hai unha década. Véxase a evidencia en Annamaria Lusardi e Olivia Mitchell (2014). «The Economic Importance of Financial Literacy: Theory and Evidence» *Journal of Economic Literature* 52(1), 5–44.

a pregunta de inflación e nas preguntas de xuro composto e diversificación as porcentaxes de resposta correcta son 53 e 60%, respectivamente. A porcentaxe de respostas correctas entre os individuos con educación universitaria ou equivalente excede á dos de educación primaria entre 14 puntos porcentuais –na pregunta sobre o tipo de xuro composto– e 22 puntos –no resto.

O grupo de entre 45-64 anos é o que presenta o maior porcentaxe de respostas correctas (65%) á primeira pregunta. Os grupos de idade cunha menor porcentaxe de respostas correctas son os maiores de 65 anos (57%) e os menores de 35 anos (49%).

Con respecto á segunda pregunta, arredor do 50% dos menores de 64 anos responden correctamente, mentres que esta porcentaxe baixa ao 36% no caso dos maiores de 64 anos. Polo que se refire á pregunta sobre a posibilidade de diversificar o risco adquirindo accións variadas, a porcentaxe de respostas correctas entre 35 e 64 anos é lixeiramente superior ao 50%, pero está arredor do 43% tanto entre os menores de 35 anos coma entre os maiores de 65. En todas as preguntas a porcentaxe que responde “non sabe” é maior entre os maiores de 65 anos e alcanza o 39% na pregunta sobre diversificación de risco.

Case a metade da poboación (46%) percibe que os seus coñecementos son “baixos” ou “moi baixos”. Outro 46% di que son “medios” e só o 8% declara ter coñecementos financeiros “altos” ou “moi altos”. De media, as persoas que declaran que os seus coñecementos financeiros son moi baixos, responden correctamente 1,1 das 3 preguntas consideradas, mentres que as que manifestan ter coñecementos altos ou moi altos responden 2,1 preguntas correctamente.

#### ❖ *A tenza, adquisición e uso de vehículos de aforro e débeda*

O 97% dos individuos en España posúe unha conta corrente. Ademais, o 43% posúe, individual ou conxuntamente, un vehículo de aforro (contas de aforro, plans de pensións, fondos de investimento, accións e activos de renda fixa).

O vehículo de aforro máis frecuente é a conta de aforro ou imposición a prazo, que posúe un 26% dos individuos. Non obstante, este produto é tamén o menos coñecido dos considerados no estudo (o 27% non oíu falar del). Así, entre a poboación que si oíu falar das contas de aforro ou imposición a prazo, o 35% dos individuos posúe o produto (fronte ao 26% da poboación total).

O seguinte vehículo de aforro máis frecuente son os plans de pensións, que posúe un de cada cinco individuos de entre 18 e 79 anos. O produto é máis común entre os que teñen idades entre 45 e 64 anos ca entre os xubilados ou entre os menores de 35 anos. Dentro do grupo de idade de entre 45 e 64 anos é máis común ter un plan de pensións ca unha conta de aforro.

A tenza de activos financeiros como accións ou fondos de investimento é menos frecuente e rolda o 13%.

Polo que se refire á adquisición de produtos financeiros, 38 por cento da poboación adquiriu (individual ou conxuntamente) algún vehículo de aforro, aseguramento ou débeda durante os dous anos previos á enquisa. O produto financeiro máis comunmente

adquirido é a tarxeta de crédito (o 16% da poboación adquiriuno), seguido polos préstamos persoais (14%). Polo que se refire aos vehículos de aforro, un 11% da poboación adquiriu unha conta de aforro nos últimos dous anos e arredor dun 6% adquiriu accións ou fondos de investimento.

A adquisición de produtos financeiros de aforro concéntrase entre os individuos cun maior nivel educativo e renda: mentres que entre os individuos de educación primaria un 2% adquiriu accións ou fondos de investimento, a porcentaxe elévase ao 9% e ao 12% entre quen ten educación universitaria ou equivalente, respectivamente. Polo contrario, as diferenzas por nivel educativo e renda son menos acusadas na adquisición de débeda.

Entre as persoas que adquiriron algún vehículo de aforro, seguro ou débeda nos últimos dous anos, un 62% ou ben non considerou outras alternativas ou, se o fixo, estas eran de produtos que ofrecía a mesma empresa ou entidade financeira. A fonte de información que máis influíu á hora de decidir que produto adquirir foi a específica do produto (é dicir, a proporcionada pola entidade que o ofrece a través do seu persoal ou de folletos). Esta foi mencionada polo 50% dos que adquiriron accións e polo 80% dos que contrataron fondos de investimento. Os comparadores entre produtos influíron na decisión do 12% das persoas que adquiriron un produto nos dous anos anteriores á enquisa. Foron unha fonte relevante de información para un 27% dos que adquiriron accións, e arredor dun 10% dos que adquiriron plans de pensións, préstamos persoais ou tarxetas de crédito.

Finalmente, a Enquisa de Competencias Financeiras pregunta tamén sobre os produtos financeiros que utilizan os fogares para aforrar ou endebedarse. O modo de aforro máis frecuente, mencionado polo 63% de quen aforra, consiste en acumular fondos nunha conta corrente. A porcentaxe da poboación que usa outros vehículos financeiros para canalizar o seu aforro é menor: o 14% utiliza para iso a súa conta de aforro, mentres que un 11% menciona que contribuíu ao seu plan de pensións nos últimos doce meses.

Por outra parte, unha porcentaxe importante de individuos aforra fóra do sistema financeiro. Por exemplo, 38% da poboación que aforra faino en metálico e, en distinta medida, este modo de aforro obsérvase en practicamente todos os grupos de idade, educación ou renda, alcanzando o 53% entre os desempregados ou inactivos.

# OBXECTIVOS E ACCIÓNS PREVISTOS PARA O PERÍODO 2018-2021

---

Baseándose na experiencia adquirida ao longo das sucesivas etapas do Plan de Educación Financeira, así como á derivada dos organismos promotores do Plan no desenvolvemento da súa actividade supervisora, a estratexia nacional para os próximos anos dará prioridade a unha serie de actuacións que se detallan a continuación e que poderán verse ampliadas ou axustadas no caso de que se detecten outras prioridades. Estas actuacións quedan enmarcadas nos obxectivos que se detallan a continuación:

## Impulso da marca Finanzas para Todos e estratexia de comunicación

---

A marca Finanzas para Todos é a marca do Plan de Educación Financeira cuxos atributos principais son a utilidade, fiabilidade, rigorosidade e neutralidade dos contidos proporcionados baixo esta denominación.

No próximo período 2018-2021, ademais de afianzar e reforzar os atributos antes mencionados, preténdese avanzar na construción dunha marca relevante que xere valor e confianza para o usuario e que se diferencie xenuinamente doutras iniciativas semellantes.

Para lograr a consolidación da marca Finanzas para Todos é prioritario traballar na principal canle de marca de que dispón o Plan de Educación Financeira, a web [www.finanzasparatodos.es](http://www.finanzasparatodos.es).

Por esta razón, durante o próximo período 2018-2021 abordarase unha profunda reforma desta páxina web, modificando a estratexia de contidos, a arquitectura e, por conseguinte, a súa programación. Será prioritario nesta reforma que a web sexa accesible e adaptable a todos os dispositivos móbiles. Adicionalmente, a web dispoñerá dunha zona reservada para os colaboradores do Plan, que poderán utilizar para dar a coñecer as súas ferramentas e materiais de educación financeira á vez que servirá como zona de intercambio e colaboración entre as distintas institucións.

Con ocasión da reforma da web, desenvolverase unha estratexia de comunicación *ad hoc*, que dure no tempo, coa finalidade de captar a atención do público pretendido e espertar o seu interese na educación financeira. Ademais da amplitude de contidos que se van tratar, cómpre aproveitar todas as canles de comunicación dispoñibles para garantir que as iniciativas adoptadas cheguen ao maior número posible de persoas.

En consecuencia, durante o período 2018-2021 favorecerase especialmente a utilización das novas tecnoloxías e vías de información, que ofrecen unha óptima relación entre o custo e o potencial alcance das accións emprendidas. Isto non supoñerá en ningún caso o abandono doutros medios de difusión máis tradicionais (como prensa, radio e televisión), xa que hoxe en día aínda existen sectores de poboación que teñen limitado o seu acceso ás novas tecnoloxías.

---

Para iso será necesario proceder a unha segmentación dos distintos públicos e adaptar a proposta de valor da marca Finanzas para Todos a estes utilizando a linguaxe e as canles de comunicación adecuadas.

Con esta reforma preténdese afianzar o posicionamento de [www.finanzasparatodos.es](http://www.finanzasparatodos.es) como o portal de referencia de educación financeira en España e consulta sobre dúbidas financeiras a través do cal se proporciona información útil, rigorosa e neutral que cumpre cos máximos estándares de calidade e imparcialidade e proporciona unha visión global das finanzas persoais.

## Dixitalización e educación financeira

---

A dixitalización dos produtos e servizos financeiros e a consecuente necesidade de fortalecer a alfabetización financeira dixital convertéronse nun tema relevante para o Plan, xa que forma parte da axenda internacional. O G20, comezando coa presidencia chinesa en 2016, dedicou e dedicará unha atención importante ás oportunidades e aos retos creados polos servizos financeiros dixitais para os usuarios actuais e futuros dos produtos financeiros.

O Plan de Educación Financeira tamén é consciente das oportunidades e dos desafíos que resultan da educación financeira dixital, polo que durante este período de catro anos, e como parte do obxectivo de promover a educación financeira, farase un esforzo na identificación e promoción de iniciativas de educación financeira neste ámbito.

Adicionalmente, co obxectivo de mellorar a educación financeira en xeral, utilizaranse, ademais dos programas e das ferramentas tradicionais, aplicacións, *softwares* ou ferramentas dixitais que melloren o acceso á educación financeira, reforcen as competencias clave dos usuarios financeiros e aumenten as habilidades no ámbito da xestión e control das súas finanzas.

## Consolidación do Día da Educación Financeira

---

Así mesmo, no próximo período 2018-2021, será de especial relevancia a consolidación da iniciativa do Día da Educación Financeira. Ata 2017 celebráronse tres edicións deste Día e o seu impacto foi en aumento. Nesta nova fase, preténdese incrementar o número de entidades participantes e aumentar e diversificar o público ao que vai dirixida a iniciativa.

De forma paralela, intensificarase a presenza e participación do Plan de Educación Financeira en xornadas, seminarios, cursos, charlas, feiras e conferencias organizados por administracións públicas, universidades ou fundacións entre outros.

Así mesmo, para este novo período 2018-2021 aproveitarase a participación dos promotores do Plan en iniciativas internacionais de educación financeira (como a World Investor Week de IOSCO), para apoiar e reforzar o Día da Educación Financeira ou calquera outra iniciativa que teña como obxectivo mellorar a cultura financeira da poboación española.

## Coñecemento do público e das súas necesidades de educación financeira

---

A xeneralidade como principio predicable do Plan implica a necesidade de segmentar a poboación en distintos colectivos, co fin de dirixir e deseñar unha educación financeira máis acertada e personalizada segundo as particularidades de cada un deles.

Nas etapas anteriores do Plan de Educación Financeira, o colectivo prioritario no que se centraron gran parte dos esforzos foi o da poboación en idade escolar. Sen prexuízo de manter como obxectivo estratéxico a promoción dunha maior penetración do Programa de Educación Financeira na etapa escolar, desde o Plan de Educación Financeira preténdese prestar especial atención, para este novo período 2018-2021, a aqueles colectivos con maior necesidade de educación financeira e seleccionar *segmentos obxectivos* atendendo a criterios de eficiencia, accesibilidade e factibilidade.

Neste sentido, a análise en curso dos resultados obtidos da enquisa nacional de competencias financeiras, vai ser de grande utilidade para que as institucións impulsoras do Plan de Educación Financeira poidan dispoñer dun coñecemento máis exhaustivo do público. Os resultados da enquisa mostran tendencias, hábitos e comportamentos dos cidadáns españois no que ao consumo de produtos financeiros se refire e van permitir levar a cabo actuacións concretas máis dirixidas e eficientes.

Neste sentido, de conformidade cos primeiros resultados da Enquisa de Competencias Financeiras, vaise analizar a conveniencia de realizar iniciativas de educación financeira destinadas máis especificamente aos seguintes colectivos: as persoas entre 18 e 34 anos, as persoas maiores de 65 anos, os grupos de rendas baixas, as mulleres e as persoas que recibisen unicamente educación primaria.

Así mesmo, teranse en conta os datos que proporcionen os colaboradores do Plan de Educación Financeira, que xogarán un papel importante neste proceso de identificación de colectivos, xa que poderán proporcionar información sobre os públicos aos que se dirixen e as súas necesidades.

Adicionalmente, e na medida en que os resultados da enquisa parecen indicar que a cultura investidora e a cultura aseguradora están pouco arraigadas en España, cuestionarase reforzar, a través dos colaboradores, actuacións que afonden no coñecemento destas.

Sen prexuízo do anterior, certamente precísase máis reflexión e análise para concluír sobre as actuacións concretas que seguen destes primeiros resultados da enquisa:

- Por un lado, dos primeiros resultados da enquisa despréndese que, incluso entre grupos con educación universitaria, ou equivalente, hai unha falta de determinadas competencias (a porcentaxe con titulación universitaria ou equivalente que responde correctamente a pregunta sobre inflación é a mesma ou inferior ca a do total da poboación en Alemaña ou Finlandia, incluíndo grupos con menor cualificación).
  - En segundo lugar, hai prácticas xeneralizadas na poboación que poden suxerir unha falta de inclusión financeira, como a prevalencia en todos os grupos do aforro en metálico, incluíndo os universitarios ou equivalentes.
-

## Reforzo do papel dos colaboradores buscando promocionar a educación financeira entre colectivos sociais específicos

---

Como se mencionou, durante o período 2013-2017 intensificáronse os contactos con entidades ou organismos, públicos e privados, que xa dispoñen de materiais de divulgación e educación financeira de calidade e que teñen proxectos e iniciativas que incorporan, como elemento central ou destacado, a educación e a orientación financeiras a determinados colectivos.

A participación desas institucións no Plan de Educación Financeira contribúe a mellorar a difusión e a infraestrutura da educación financeira a nivel nacional. Así mesmo, tras estes nove anos de andadura do Plan, a experiencia demostra que unha rede ampla de colaboradores implica chegar a máis público obxectivo e, polo tanto, lograr un maior impacto das iniciativas, intercambiar experiencias e compartir recursos.

Por esta razón, no próximo período 2018-2021, procederase a promover e incrementar a rede de colaboradores co obxectivo de ampliar o campo de aplicación do Plan de Educación Financeira a colectivos que demandan máis atención, como as persoas maiores, os emprendedores e os colectivos mencionados no apartado anterior.

Para facilitar a incorporación de novos colaboradores ao Plan de Educación Financeira, substituirase o actual sistema de sinatura de convenios de colaboración por un mecanismo máis simple e rápido, denominado Protocolo Xeral de Actuación, adaptado aos cambios normativos ditados pola Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e que facilite os trámites para ser considerado colaborador do Plan de Educación Financeira.

Prestarase especial atención á participación de novos de colaboradores que poidan trasladar ao Plan as sensibilidades sociais dos colectivos nos que se concentran os principais problemas de falta de educación financeira, como poden ser os usuarios de servizos financeiros especialmente vulnerables, os debedores en dificultade e as persoas con baixo nivel de inclusión financeira.

Ademais, as institucións que soliciten ou teñan interese en colaborar co Plan de Educación Financeira deberán cumprir unha serie de requisitos previos que garantan o seu compromiso coa educación financeira.

Así mesmo, co fin de dar maior protagonismo aos colaboradores do Plan de Educación Financeira, nos próximos anos procederase a modificar o actual sistema de gobernanza do Plan, de modo que os colaboradores poidan ser partícipes da toma de decisións no seu seo.

Nos Anexos VI e VII inclúense o procedemento para a adquisición da condición de colaborador do Plan de Educación Financeira e o Protocolo Xeral de Actuación ao que se deberán adherir os colaboradores, se é o caso.



## Promoción da educación financeira dirixida aos escolares

---

A promoción da educación financeira nos centros de ensino, como un dos obxectivos prioritarios do Plan, formou parte da estratexia nacional de educación financeira desde os seus inicios.

No próximo período 2018-2021, preténdese intensificar a implantación e o desenvolvemento do Programa Escolar de Educación Financeira nos colexios.

Co obxectivo de promocionar o Programa Escolar seguirán organizándose reunións periódicas cos diferentes axentes do sector educativo: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, consellerías de educación, asociacións educativas e asociacións de pais e nais, entre outros. O obxectivo é xuntar información sobre posibles accións que se poidan desenvolver para fomentar a educación financeira nos centros educativos e coñecer novas ferramentas ou prácticas de innovación educativa que poidan resultar de utilidade para mellorar o Programa.

Dada a evidencia internacional e en España sobre os efectos de introducir cursos de educación financeira, procederase a realizar unha revisión dos contidos do Programa de Educación Financeira dirixido principalmente á Educación Secundaria e, se é o caso, a súa actualización e a creación ou o ofrecemento de novos recursos adaptados ás cambiantes tecnoloxías.

O apoio do Plan de Educación Financeira á participación de España na avaliación de PISA Competencia Financeira 2021 mostra o interese en seguir traballando por mellorar a educación financeira dos máis novos.

Por outra banda, desenvolveranse novos materiais para profesores e alumnos de Educación Primaria. Os nenos cada vez teñen unha relación máis directa co diñeiro e están suxeitos desde pequenos á publicidade, que os incita a pedirilles aos seus pais a compra de produtos. Por iso, débeseles ensinar desde idades temperás a ser consumidores responsables. A educación financeira é especialmente importante nesta etapa, como se mencionou no apartado “Educación Financeira nos centros de ensino” e nas referencias alí citadas.

Non obstante o anterior, propoñeranse neste novo período 2018-2021 tamén accións dirixidas a alumnos de Universidades e Formación Profesional.

A colaboración que mantén o Plan de Educación Financeira co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte é fundamental para o desenvolvemento conxunto de accións formativas no ámbito da Educación Primaria, Universidades e Formación Profesional.



# CONCLUSIONES

---

Neste documento expuxéronse as accións levadas a cabo durante os cinco últimos anos, así como as accións que se desenvolverán no seguinte período 2018-2021.

A experiencia mostra que a educación financeira se converteu nunha competencia clave na sociedade do século XXI debido á presenza constante nas nosas vidas das finanzas persoais e á estreita relación que estas teñen co benestar persoal e social. Contar cuns coñecementos axeitados nesta materia favorece a realización responsable e consciente de eleccións informadas e reforza en último termo a propia liberdade do individuo.

Tras os nove anos de vida do Plan de Educación Financeira, non hai dúbida de que aínda resta moito camiño por realizar. No próximo período, un dos fitos máis importantes deste camiño será poñer en valor os resultados da enquisa de competencias financeiras e establecer retos e liñas de acción novos que nos axuden a mellorar a educación financeira dos cidadáns.

Así mesmo, nos próximos anos, cómpre seguir avanzando en incrementar a sensibilidade social con respecto á educación financeira. O Día da Educación Financeira constitúe, sen dúbida, unha iniciativa que reforzará este aspecto e contribuirá a facilitar a súa penetración en cada vez máis segmentos da poboación.

Para abordar os obxectivos propostos no período 2018-2021 será máis necesario ca nunca manter a implicación da rede de colaboradores do Plan aos que debe agradecerse a súa cooperación durante todos estes anos. A súa contribución resulta imprescindible para o desenvolvemento da estratexia nacional de educación financeira.

Por último, o Plan de Educación Financeira, ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre o Banco de España e a CNMV, demostra a necesidade e a oportunidade de continuar cunha política integral de educación financeira. Esta necesidade queda constatada pola práctica acumulada destes anos e pola observada nas iniciativas levadas a cabo noutros países. A experiencia demostra tamén que os resultados unicamente poden esperarse a longo prazo, xa que a educación financeira non pode considerarse unha meta en si, senón unha ferramenta de cambio e mellora de comportamentos e condutas dos cidadáns.



# ANEXOS

---



## ANEXO I: PAÍSES QUE ESTÁN DESEÑANDO OU IMPLEMENTARON XA ESTRATEXIAS NACIONAIS DE EDUCACIÓN FINANCEIRA

### Países nos que se está revisando a estratexia nacional ou se está implementado unha segunda estratexia

Australia	Singapura
República Checa	República Eslovaca
Xapón	España
Malaisia	Reino Unido
Países Baixos	Estados Unidos
Nova Zelandia	

### Países nos que se está desenvolvendo unha primeira estratexia nacional

Armenia	Israel
Bélxica	Corea
Brasil	Letonia
Canadá	Marrocos
Croacia	Nixeria
Dinamarca	Portugal
Estonia	Federación rusa
Ghana	Eslovenia
Hong Kong, China	Sudáfrica
India	Suecia
Indonesia	Turquía
Irlanda	

### Países nos que se está deseñando a estratexia nacional

Arxentina	Paquistán
Chile	Paraguai
China	Perú
Colombia	Polonia
Costa Rica	Romanía
O Salvador	Arabia Saudita
Francia	Serbia
Guatemala	Tanzania
Kenya	Tailandia
Kirguizistán	Uganda
Líbano	Uruguai
Malawi	Zambia
México	

**CÓDIGO DE BOAS PRÁTICAS PARA  
AS INICIATIVAS EN EDUCACIÓN FINANCEIRA**



## Contexto e motivos

O Plan de Educación Financeira proporciona un marco para o desenvolvemento de iniciativas en educación financeira a nivel nacional e define as liñas de actuación para a súa realización. Para iso, cómpre coordinar os esforzos dos organismos impulsores do Plan e dos seus colaboradores, co fin de que eses esforzos sirvan para levar a educación financeira ao maior número de persoas e segmentos de poboación.

Neste sentido, de acordo cos principios establecidos pola OCDE<sup>14</sup> aplicables ás iniciativas de educación financeira, a implicación de entidades pertencentes ao sector privado na educación financeira implica multitude de vantaxes, dado o coñecemento da materia que estas teñen e os recursos dos que dispoñen para chegar a grandes grupos de poboación. A participación destas entidades contribúe significativamente ao enriquecemento das iniciativas e materiais relacionados coa educación financeira. Non obstante, a súa participación debe ser equitativa e imparcial, de xeito que se evite a eventual consideración da educación financeira como unha actividade comercial destinada á captación de clientes ou a orientación desta aos clientes considerados máis rendibles.

Neste contexto, e co fin de evitar os inconvenientes anteriores e aqueles potenciais conflitos de interese que puidesen xurdir entre a actividade comercial das entidades e as súas iniciativas de educación financeira, a OCDE establece a necesidade de desenvolver códigos de conduta para a realización de iniciativas de educación financeira. A finalidade destes códigos é asegurar a calidade e a imparcialidade das iniciativas de educación financeira levadas a cabo polas súas entidades promotoras.

De conformidade co anterior, o seguinte Código de Boas Prácticas para as Iniciativas en Educación Financeira (en adiante o Código) realizouse de acordo con esta recomendación da OCDE e partindo da evidente necesidade de definir uns principios aplicables ao seu desenvolvemento. A este respecto, o número de iniciativas en educación financeira vai en aumento e a implicación de entidades do sector financeiro é cada vez máis acusada, motivo polo cal é necesario definir mecanismos que ponderen no posible a súa intervención e mitiguen os eventuais conflitos de interese que poidan xurdir.

---

<sup>14</sup> Véxase [OECD/INFE Guidelines for private and not-for-profit stakeholders in financial education. Novembro de 2014.](#)

## **Voluntariedade do Código**

O fin último do presente Código é conformar un mecanismo que facilite a promoción e o desenvolvemento dunha educación financeira imparcial e de calidade. Preténdese así que a educación financeira poida ser considerada como un elemento de creación de valor engadido, reputación e innovación social proporcionado polas entidades que facilitan esa educación financeira ante as novas sensibilidades sociais.

Partindo deste fin último, o presente Código recolle unha serie de principios ou boas prácticas ás que poderán acollerse voluntariamente as entidades que desenvolvan iniciativas de educación financeira.

## Contido

- I. FINALIDADE
- II. ALCANCE OBXECTIVO
- III. ALCANCE SUBXECTIVO
- IV. PRINCIPIOS APLICABLES ÁS INICIATIVAS DE EDUCACIÓN FINANCEIRA
- V. CONTIDO DAS INICIATIVAS DE EDUCACIÓN FINANCEIRA
- VI. FORMADORES EN EDUCACIÓN FINANCEIRA
- VII. UTILIZACIÓN DA MARCA FINANZAS PARA TODOS
- VIII. AVALIACIÓN DAS INICIATIVAS DE EDUCACIÓN FINANCEIRA
- IX. INTERPRETACIÓN DO CÓDIGO
- X. ENTRADA EN VIGOR E APLICABILIDADE DO CÓDIGO

## I. FINALIDADE

O presente documento establece os principios aplicables ás iniciativas relacionadas coa educación financeira desenvolvidas en España co fin de proporcionar un marco de imparcialidade, calidade e transparencia necesario para que esas iniciativas se leven a cabo.

## II. ALCANCE OBXECTIVO

- II.1. Este documento será de aplicación ás iniciativas de educación financeira desenvolvidas en España. Será particularmente aplicable ás iniciativas de educación financeira que se desenvolvan no marco do Plan de Educación Financeira.
- II.2. Entenderase por **Plan de Educación Financeira** (en adiante, o Plan) o conxunto de obxectivos e actuacións desenvolvidos en virtude dos Convenios de Colaboración asinados desde o ano 2008 polo Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións (en adiante, as Entidades Promotoras do Plan) no marco da estratexia nacional para a mellora da cultura financeira dos consumidores e usuarios de produtos e servizos financeiros.
- II.3. Entenderase por **educación financeira** o proceso polo que os investidores e consumidores financeiros:
  - A. Melloran a súa comprensión dos produtos financeiros, conceptos e riscos.
  - B. Desenvolven as habilidades e a confianza precisas para adquirir maior conciencia dos riscos e das oportunidades financeiras a través da información, o ensino e/ou o asesoramento obxectivo.
  - C. Aprenden a tomar decisións financeiras informadas.
  - D. Desenvolven hábitos relacionados co aforro e coa planificación do gasto.
- II.4. Entenderase por **iniciativa de educación financeira** calquera tipo de acción, material ou recurso en calquera formato desenvolvido polas entidades definidas no apartado III posterior que persiga os fins mencionados no punto II.3. anterior. A modo de exemplo non limitativo, considéranse iniciativas de educación financeira as conferencias, mesas redondas, obradoiros, seminarios, sitios *web*, folletos, manuais, libros ou guías que aborden esta temática. Non se considerarán iniciativas de educación financeira a formación destinada a profesionais ou futuros profesionais do sector financeiro nin a formación académica neste sector.

### III. ALCANCE SUBXECTIVO

O presente Código é aplicable ás institucións públicas e/ou privadas de carácter lucrativo ou non lucrativo que teñan interese en impartir educación financeira. En particular, este Código é aplicable a:

- Entidades que proporcionan servizos financeiros, tales como, por exemplo, bancos, compañías de seguros ou fondos de investimento.
- Entidades que provén educación financeira como un produto ou servizo propio da súa actividade, tales como empresas de formación ou consultoras.
- Entidades sen ánimo de lucro vinculadas co sector financeiro tales como as agrupacións sectoriais.
- Entidades sen ánimo de lucro non vinculadas co sector financeiro pero interesadas na educación financeira, tales como ONG, asociacións de consumidores, agrupacións de profesores ou institutos de investigación entre outras.

### IV. PRINCIPIOS APLICABLES ÁS INICIATIVAS DE EDUCACIÓN FINANCEIRA

As iniciativas de educación financeira desenvolvidas polos Provedores de Educación Financeira deberán respectar os seguintes principios:

- **Principio de imparcialidade**

As iniciativas de educación financeira non se utilizarán por parte dos Provedores de Educación Financeira como accións de *marketing* ou de publicidade con fins comerciais. Estas iniciativas proporcionarán información obxectiva, imparcial e libre de calquera prexuízo.

Neste sentido, os intereses dos consumidores deben ter prioridade e os Provedores de Educación Financeira absteranse de utilizar as iniciativas de educación financeira para promover os seus propios produtos e servizos e/ou criticar os produtos dos seus competidores.

- **Principio de exactitude**

As iniciativas de educación financeira proporcionarán información clara, veraz, precisa, completa e actualizada en relación cos temas sobre os que versen.

- **Principio de transparencia**

As iniciativas de educación financeira proporcionarán información transparente sobre as materias que abarquen. En particular, esa información fornecerá os diferentes puntos de vista que sexan relevantes en relación con esas materias, o que proporcionará, deste xeito, unha visión global e carente de nesgos de calquera tipo.

## V. CONTIDO DAS INICIATIVAS DE EDUCACIÓN FINANCEIRA

- **Obxectivos.** As iniciativas de educación financeira deberán establecer claramente os obxectivos que pretenden, as materias abordadas e o público ao que se dirixen.
- **Linguaxe.** A linguaxe das iniciativas de educación financeira será sinxela, pedagóxica e adecuada ás características do público obxectivo ao que se dirixan. Así mesmo, esta linguaxe adaptarse ás particularidades de grupos de poboación con necesidades específicas.
- **Contido.**
  - o O contido das iniciativas de educación financeira estará destinado esencialmente a facilitar a comprensión da materia tratada e adaptarse ás características do público obxectivo ao que se dirixan.
  - o O contido das iniciativas de educación financeira estará expresamente identificado como material destinado á educación financeira e diferenciarase, claramente así, de calquera outro contido de carácter publicitario ou comercial. Neste sentido, considerarase contido de carácter publicitario ou comercial todo o que teña por obxecto a promoción directa ou indirecta de produtos ou servizos financeiros.
  - o As iniciativas de educación financeira desenvolveranse de xeito completamente separado e independente das iniciativas de carácter publicitario ou comercial, sen que en ningún caso poidan mesturarse contidos de ambos os tipos nun mesmo soporte ou formato.
- **Colaboración.** No caso de que o Provedor de Educación Financeira desenvolva iniciativas de educación financeira en colexios ou institutos, deberá procurar que esas iniciativas se realicen baixo a supervisión dun docente do correspondente centro de ensino.
- **Utilización do logo ou marca.**
  - o As entidades sen ánimo de lucro que sexan Provedores de Educación Financeira poderán facer uso do seu logo ou marca nas iniciativas de educación financeira que desenvolvan. Ese uso deberá ser adecuado e equilibrado e estará orientado exclusivamente a identificar o correspondente Provedor de Educación Financeira.
  - o As entidades con ánimo de lucro que sexan Provedores de Educación Financeira evitarán o uso do seu logo ou marca nas respectivas iniciativas de educación financeira que estean desenvolvendo. No caso de que o Provedor de Educación Financeira pertenza a algunha organización sectorial, poderá facer uso do logo ou marca desa organización, mais ese uso debe ser equilibrado e estar orientado exclusivamente a identificar a citada organización sectorial.

## VI. FORMADORES EN EDUCACIÓN FINANCEIRA

- As persoas que por encarga do Provedor de Educación Financeira, xa sexa como empregados, voluntarios ou persoal externo deste (en adiante, Formadores en Educación Financeira), teñan a función de impartir educación financeira, deberán dispoñer de formación específica actualizada axeitada para facelo e contar cos recursos necesarios para que a súa actividade sexa frutífera.
- Os Formadores en Educación Financeira adaptaranse nas súas sesións de formación ao programa da materia que deban tratar e adecuarán a súa exposición aos principios establecidos no presente Código.
- Ao participar en iniciativas de educación financeira, os correspondentes Formadores en Educación Financeira identificaranse:
  - o Como persoal que actúa no nome do Provedor de Educación Financeira no caso de que este sexa unha entidade sen ánimo de lucro.
  - o Como persoal que actúa no nome da organización sectorial á que, no seu caso, pertenza o respectivo Provedor de Educación Financeira. No caso de que ese provedor non pertenza a ningunha organización sectorial, o Formador de Educación Financeira simplemente identificarase como tal.

## VII. UTILIZACIÓN DA MARCA FINANZAS PARA TODOS

- O logotipo e a denominación Finanzas para Todos conforman a imaxe pública do Plan e están correspondentemente rexistrados na Oficina Española de Patentes e Marcas.
- O cumprimento do establecido no presente Código non supón en ningún caso unha licenza para o uso dos citados signos distintivos por parte do Provedor de Educación Financeira.
- Non obstante, os Provedores de Educación Financeira que teñan asinado un Convenio de Colaboración coas Entidades Promotoras do Plan poderán solicitar ás Entidades Promotoras do Plan autorización puntual e expresa para o uso deses signos distintivos nalgunha das iniciativas de educación financeira que leven a cabo.

## VIII. AVALIACIÓN DAS INICIATIVAS DE EDUCACIÓN FINANCEIRA

Coa finalidade de precisar o seu grao de efectividade, os Provedores de Educación Financeira avaliarán periodicamente as iniciativas de educación financeira que leven a cabo, utilizando para facelo métodos adecuados ao tipo de iniciativa de que se trate. Estes métodos farán posible comparar os resultados obtidos cos obxectivos preestablecidos e poder adoptar así eventuais medidas de corrección. A modo de exemplos non limitativos, estes métodos de avaliación poden ser indicadores de implementación (número de participantes, visitas á web, etc.), cuestionarios de coñecementos ou enquisas de satisfacción.

## **IX. INTERPRETACIÓN DO CÓDIGO**

A resolución das dúbidas, consultas ou conflitos que poidan xurdir en relación coa interpretación e aplicación do presente Código corresponderá ás Entidades Promotoras do Plan.

## **X. ENTRADA EN VIGOR E APLICABILIDADE DO CÓDIGO**

O presente Código entrará en vigor o 1 de xuño de 2016.



## ANEXO III: REDE DE COLABORADORES DO PLAN DE EDUCACIÓN FINANCEIRA

---

### EDUCACIÓN

- MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE
- ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE CENTROS PRIVADOS DE ENSINO
- CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE CENTROS DE ENSINO
- ASOCIACIÓN DE COLEXIOS PRIVADOS E INDEPENDENTES
- ESCOLAS CATÓLICAS
- UNIÓN ESPAÑOLA DE COOPERATIVAS DE ENSINO



### BANCA

- ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE BANCA
- ASOCIACIÓN HIPOTECARIA ESPAÑOLA
- ASOCIACIÓN NACIONAL DE ESTABLECIMIENTOS FINANCIEROS DE CRÉDITO
- CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE CAJAS DE AHORROS
- UNIÓN NACIONAL DE COOPERATIVAS DE CRÉDITO



### CONSUMO

- ASOCIACIÓN XERAL DE CONSUMIDORES
- ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE CONSUMO, SEGURIDADE ALIMENTARIA E NUTRICIÓN
- UNIÓN DE CONSUMIDORES DE ANDALUCÍA



## DISCAPACIDADE

- FUNDACIÓN ONCE



## ESTUDOS E INVESTIGACIÓN

- FUNDACIÓN DE ESTUDIOS BURSÁTILES Y FINANCIEROS
- INSTITUTO ESPAÑOL DE ANALISTAS FINANCIEROS
- FUNDACIÓN AFI
- FUNDACIÓN UCEIF
- INSTITUT D' ESTUDS FINANCERS
- INSTITUTO BME
- COLEGIO DE ECONOMISTAS DE MADRID



## INVESTIMIENTO, SEGUROS E PENSIONES

- FUNDACIÓN MAPFRE
- INSTITUTO AVIVA
- ASOCIACIÓN DE INSTITUCIONES DE INVERSIÓN COLECTIVA Y FONDOS DE PENSIONES
- FORO DE INVERSIÓN SOSTENIBLE EN ESPAÑA
- UNIÓN DEMOCRÁTICA DE PENSIONISTAS Y JUBILADOS DE ESPAÑA
- ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DEL SEGURO



## PEMES E EMPRENDEMENTO

- CÁMARA DE COMERCIO
- CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE LA PEQUEÑA Y MEDIANA EMPRESA



## ANEXO IV: COMPETENCIAS INCLUIDAS NO PROGRAMA DE EDUCACIÓN FINANCEIRA

Competencia clave	Competencia financeira	
<b>MATEMÁTICA</b>	Require aplicar razoamentos matemáticos para interpretar e resolver problemas provenientes de situacións cotiás no uso do diñeiro. Tamén pola adquisición dunha disposición favorable e de progresiva seguridade e confianza cara á información e ás situacións (problemas, incógnitas, etc.) que conteñen elementos ou soportes matemáticos e nas que deben utilizar razoamentos para tomar decisións e interpretar a información.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cálculo de prezo unitario</li> <li>• Descontos</li> <li>• Comparación de prezos</li> <li>• A proporcionalidade</li> <li>• As porcentaxes</li> <li>• A regra de tres</li> <li>• O tipo de xuro simple e composto</li> <li>• O cálculo mental</li> <li>• Os cambios de divisas</li> <li>• Comparación de custos de distintas modalidades de pagamento</li> </ul>
<b>SOCIAL E CÍVICA</b>	Permite desenvolver habilidades para a toma de decisións que afecten tanto o propio individuo coma a sociedade en xeral.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Analizar as posibles vantaxes e desvantaxes das decisións económicas</li> <li>• Responsabilizarse do efecto colectivo e/ou consecuencias sociais derivadas das decisións financeiras tomadas</li> <li>• Utilizar o xuízo moral</li> <li>• Asumir un consumo racional, solidario e saudable</li> <li>• Entender que non toda decisión económica é ética (consumo responsable)</li> <li>• Reflexionar sobre os conceptos de sustentabilidade, solidariedade, corresponsabilidade e cidadanía na dimensión económica</li> <li>• Analizar problemas e situacións da sociedade actual (a crise, noticias financeiras)</li> <li>• Comprender a independencia económica social, a desigualdade e o conflito</li> <li>• Procurar solucións colectivas</li> <li>• Solidariedade económica e empatía</li> </ul>
<b>SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR</b>	Contribúe a reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal no desenvolvemento das habilidades financeiras individuais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tomar decisións financeiras con criterio propio</li> <li>• Imaxinar proxectos</li> <li>• Emprender accións para levar a cabo plans persoais (obxectivos financeiros)</li> <li>• Coñecer as fases de desenvolvemento dun proxecto (planificación financeira)</li> <li>• Avaliar alternativas e avaliarse a si mesmo (coñecer o seu perfil de risco = asumir riscos)</li> <li>• Fomentar a motivación e a creatividade</li> <li>• Distinguir entre desexos e necesidades</li> <li>• Desenvolver valores e actitudes persoais como a perseveranza e a capacidade de demorar a gratificación inmediata (aforro para un obxectivo)</li> <li>• Capacidade para afrontar problemas</li> <li>• Dialogar e negociar (relacións bancarias)</li> <li>• Tomar conciencia da importancia da asertividade para comunicar desconformidade (relacións bancarias)</li> </ul>
<b>LINGÜÍSTICA</b>	Comprender o vocabulario económico e financeiro (os contidos e as guías para o docente están dispoñibles en todas as linguas cooficiais e en inglés).	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Entender o significado das siglas financeiras máis utilizadas (PIB, IPC, TAE, IBAN, PIN...)</li> <li>• Distinguir conceptos como tarxeta de crédito e débito</li> <li>• Comprender os elementos dunha nómina</li> <li>• Saber ler a prensa</li> <li>• Redactar documentos con contido financeiro</li> </ul>
<b>DIXITAL</b>	Permite o adestramento no uso de tecnoloxías da información e comunicación (TIC) na procura de información, na análise e na selección.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O uso e a adopción de medidas de seguridade en Internet</li> <li>• Saber acceder aos servizos de administración e comercio electrónico</li> <li>• Empregar ferramentas e aplicacións como follas de cálculo (elaborar un orzamento persoal)</li> <li>• Analizar as ofertas e os prezos, realizar comparativas</li> <li>• Usar caixeiros, realizar transferencias e outras operacións</li> </ul>
<b>APRENDER A APRENDER</b>	Programar, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades son accións que complementan o desenvolvemento desta competencia en tanto que supoñen unha aprendizaxe continua.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A evolución do medio financeiro require dunha aprendizaxe constante en todos os sentidos</li> </ul>



**ANEXO V: GRAO DE DESENVOLVEMENTO NORMATIVO QUE ESTABLECEU CADA COMUNIDADE AUTÓNOMA EN RELACIÓN COA EDUCACIÓN FINANCEIRA**

Comunidades Autónomas	Legislación autonómica que contén contidos de educación financeira en 4º ESO	Contidos	Información adicional
Andalucía	Orde do 14 de xullo de 2016, pola que se desenvolve o currículo correspondente á educación secundaria obrigatoria en Andalucía.	TODOS	
Aragón	Orde ECD/489/2016, do 26 de maio, pola que se aproba o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e se autoriza a súa aplicación nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Aragón.	TODOS	Desenvolveron moi ben todos os estándares de aprendizaxe en educación financeira encaixándoos co desenvolvemento de competencias básicas.
Asturias	Decreto 43/2015, do 10 de xuño, polo que se regula a ordenación e se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria no Principado de Asturias.	TODOS	
Baleares	Decret 34/2015, de 15 de maig, pel qual s'estableix el currículum de l'educació secundària obligatòria a les Illes Balears	TODOS	Solicítase a implicación das familias (pais e nais) no desenvolvemento dos criterios de avaliación dos contidos de educación financeira.
Canarias	Non hai legislación autonómica. Si establecen un desenvolvemento por materia	TODOS EXCEPTO h)	
Cantabria	Decreto 38/2015, do 22 de maio, que establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Cantabria.	TODOS EXCEPTO h)	Enlazan cada un dos contidos de educación financeira co desenvolvemento de cada unha das competencias básicas.
Castela A-Mancha	Decreto 40/2015, do 15 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato na Comunidade Autónoma de Castela-A Mancha	TODOS	
Castela e León	ORDE EDU/362/2015, do 4 de maio, pola que se establece o currículo e se regula a implantación, avaliación e desenvolvemento da educación secundaria obrigatoria na Comunidade de Castela e León	TODOS	

Comunidades Autónomas	Legislación autonómica que contén contidos de educación financeira en 4º ESO	Contidos	Información adicional
Cataluña	DECRET 187/2015, de 25 d'agost, d'ordenació dels ensenyaments de l'educació secundària obligatòria.	TODOS EXCEPTO d) e e)	Desenvolveron tamén a materia de <i>Empreñedoría</i> en 3º e 4º ESO, que integran algúns contidos de educación financeira (o orzamento e planificación as finanzas persoais, características dos produtos de investimento para a empresa e diversificación na empresa).
Ceuta	R. D. 1105/2015	TODOS	Competencias centralizadas
Estremadura	Decreto 127/2015, do 26 de maio, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obligatoria e de Bacharelato para a Comunidade Autónoma de Estremadura.	TODOS	
Galicia	Decreto 86/2015, do 25 de xuño polo que se establece o currículo de educación secundaria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia	TODOS	
A Rioxa	Decreto 19/2015, do 12 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obligatoria e se regulan determinados aspectos sobre a súa organización así como a avaliación, promoción e titulación do alumnado da Comunidade Autónoma da Rioxa.	TODOS	
Madrid	Decreto 48/2015, do 14 de maio, do Consello de Goberno, polo que se establece para a Comunidade de Madrid o currículo da Educación Secundaria Obligatoria	TODOS	
Melilla	R. D. 1105/2015	TODOS	Competencias centralizadas
Murcia	Decreto n.º 220/2015, do 2 de setembro de 2015, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obligatoria na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia	TODOS	
Navarra	DECRETO FORAL 24/2015, do 22 de abril, polo que se establece o currículo das ensinanzas de Educación Secundaria Obligatoria na Comunidade Foral de Navarra.	TODOS EXCEPTO h)	
País Vasco	DECRETO 236/2015, do 22 de decembro, polo que se establece o currículo de Educación Básica e se implanta na Comunidade Autónoma do País Vasco.	TODOS EXCEPTO h)	

Comunidades Autónomas	Legislación autonómica que contén contidos de educación financeira en 4º ESO	Contidos	Información adicional
Valencia	Decreto 87/2015, do 5 de xuño, do Consell, polo que establece o currículo e desenvolve a ordenación xeral da Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato na Comunitat Valenciana	TODOS	Introduciron máis contido adicional: obrigas fiscais dos consumidores, a importancia da fraude fiscal e a importancia do consumo responsable e sustentable.

## **ANEXO VI: PROCEDIMIENTO PARA A ADQUISICIÓN DA CONDICIÓN DE COLABORADOR DO PLAN DE EDUCACIÓN FINANCEIRA**

---

### **I. OBXECTO**

Este Procedemento ten por obxecto establecer e determinar os requisitos que deben cumprir as persoas xurídicas que desexen obter a condición de colaborador do Plan de Educación Financeira (en adiante, Colaborador) e as regras que deberá observar para conservar tal condición.

### **II. REQUISITOS PARA SER COLABORADOR**

Poderán ser Colaboradores do Plan as persoas xurídicas constituídas en territorio español e que realicen as súas actividades de educación financeira sen ánimo de lucro.

Poderán ser colaboradores do Plan de Educación Financeira, ademais das administracións ou dos organismos públicos relacionados de forma directa ou indirecta coa educación financeira, as persoas xurídicas que cumpran calquera destas esixencias:

- Impartir, sen ánimo de lucro, programas ou actividades de educación financeira.
- Dedicarse á investigación ou ao estudo de áreas relacionadas, directa ou indirectamente, coa educación financeira.
- Agrupar colectivos de público ou profesionais concretos que sexan considerados segmentos obxectivo da educación financeira.

Non poderán ser colaboradores do Plan de Educación Financeira as entidades supervisadas polo Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores ou a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Os promotores do Plan de Educación Financeira, de conformidade co procedemento recollido no Apartado III, comprobarán a adecuación da entidade solicitante aos requisitos anteriormente recollidos e o grao de idoneidade desta para ser Colaborador do Plan.

### **III. PROCEDIMIENTO PARA ADQUIRIR A CONDICIÓN DE COLABORADOR**

#### **1. Solicitud**

A persoa xurídica que desexe ser Colaborador deberá dirixir un correo electrónico a [finanzasparatodos@bde.es](mailto:finanzasparatodos@bde.es) e [finanzasparatodos@cnmv.es](mailto:finanzasparatodos@cnmv.es) no que xunte a seguinte información:

- Datos do solicitante: denominación social, obxecto social, teléfono, enderezo postal e enderezo de correo electrónico;
  - Unha carta de motivación para ser Colaborador;
-

- Un *dossier* no que se recollan as principais actividades de educación financeira desenvolvidas ou previstas;
- Unha memoria de colaboración na que se expoñan en liñas xerais aqueles aspectos, cuestións ou materias nos que o futuro colaborador considera que a súa achega pode ser relevante para o Plan de Educación Financeira.

## **2. Análise da solicitude**

Os promotores do Plan de Educación Financeira examinarán a solicitude recibida e a adecuación do solicitante aos requisitos para ser Colaborador. No caso de considerarse necesario, poderase requirir á entidade solicitante a ampliación da información.

## **3. Resolución**

A decisión adoptada polos promotores do Plan de Educación Financeira será comunicada ao solicitante por correo electrónico.

No caso de que a solicitude sexa admitida, invitarase ao futuro colaborador a asinar o documento de adscrición ao Protocolo Xeral de Actuación para a promoción do Plan de Educación Financeira, acto formal a partir do cal adquirirá a condición pretendida que, en ningún caso implicará para o Colaborador ningún compromiso xurídico concreto e esixible.

No caso de que a solicitude sexa denegada, non caberá recurso ningún e o solicitante rexeitado non poderá solicitar novamente a condición de Colaborador no prazo mínimo dun ano.



## **ANEXO VII:** PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN PARA COLABORADORES

---

### **PREÁMBULO**

- I. FINALIDADE E PRINCIPIOS DO PLAN DE EDUCACIÓN FINANCEIRA**
- II. OBXECTO DO PROTOCOLO**
- III. PAUTAS DE COLABORACIÓN**
- IV. FINANCIAMENTO**
- V. UTILIZACIÓN DA MARCA FINANZAS PARA TODOS**
- VI. PERDA DA CONDICIÓ DE COLABORADOR**
- VII. MODIFICACIÓN DO PROTOCOLO**
- VIII. CONFIDENCIALIDADE**
- IX. VIXENCIA**
- X. INTERPRETACIÓN DO PROTOCOLO**
- XI. RÉXIME TRANSITORIO DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN EXISTENTES**

## PREÁMBULO

---

- O Plan de Educación Financeira é un proxecto colaborativo promovido desde 2008 ao abeiro do vixente Convenio de Colaboración suscrito polo Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores (en adiante, os Promotores), coa participación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, cuxa finalidade última é incrementar a educación financeira dos españois.
- Os fundamentos inspiradores do Plan de Educación Financeira teñen a súa base nos principios de alto nivel para as estratexias nacionais de educación financeira aprobados pola Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE).
- A OCDE define a educación financeira como “o proceso polo que os consumidores financeiros melloran a súa comprensión dos produtos financeiros, conceptos e riscos e, a través da información, do ensino e/ou do asesoramento obxectivo, desenvolven as habilidades e a confianza para adquirir maior conciencia dos riscos e das oportunidades financeiras, tomar decisións informadas, saber a onde acudir para pedir axuda e tomar calquera acción eficaz para mellorar o seu benestar financeiro”.
- Para o cumprimento dos obxectivos do Plan de Educación Financeira (en adiante, o Plan) e da súa finalidade última cómpre a colaboración de entidades públicas e privadas que proporcionen coñecementos, experiencia, recursos e capilaridade a ese Plan.
- Neste contexto, ata 2017 incorporáronse como colaboradores do Plan un total de 30 entidades que conforman a actual rede de colaboradores do Plan. A adquisición desa condición de colaborador realizouse deica o momento mediante a sinatura do correspondente Convenio de Colaboración co Banco de España e a CNMV.
- Coa entrada en vigor da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, cómpre adecuar o marco de colaboración no que se desenvolveu deica agora a rede de colaboradores antes mencionada, substituíndo o actual sistema de sinatura de convenios de colaboración pola subscripción dun Protocolo Xeral de Actuación máis conforme co espírito e coa finalidade última da colaboración destas entidades no ámbito do Plan de Educación Financeira.

En consecuencia, a partir de xaneiro de 2018 esa condición de colaborador adquirírase mediante a adhesión do futuro colaborador ao presente Protocolo Xeral de Actuación para a Promoción do Plan de Educación Financeira (en adiante, o Protocolo).

## I. FINALIDADE E PRINCIPIOS DO PLAN DE EDUCACIÓN FINANCEIRA

A finalidade última do Plan é a promoción da educación financeira da poboación española nas distintas etapas da vida.

O Plan réxese polos seguintes principios:

Xeneralidade	Non exclúe a ningún segmento da poboación e cobre todos os produtos e servizos financeiros.
Cooperación	Supón a asunción do compromiso de ambos os supervisores financeiros de desenvolver unha intensa colaboración entre eles e fomentar a participación doutros axentes e institucións.
Continuidade	Ten vocación de permanencia.
Diversidade	Debe chegar a cada segmento de poboación tendo en conta as características, necesidades e canles de acceso adecuadas en cada caso.
Coñecemento e accesibilidade	Debe procurar dar acceso a todos os cidadáns á información e ás ferramentas necesarias que permitan o reforzo das súas capacidades.
Medición e avaliación	Debe avaliar o traballo realizado para coñecer a súa efectividade e identificar áreas de mellora.
Coordinación	Debe ser eficaz e eficiente evitando o solapamento de esforzos.
Responsabilidade	É posible grazas ás autoridades e organismos públicos e privados que comparten o compromiso de levalo a cabo e conseguir os seus obxectivos con honestidade e imparcialidade.

## II. OBXECTO DO PROTOCOLO

O presente Protocolo establece as condicións aplicables ás entidades que desexen colaborar, e adquiren tal condición de Colaboradores, cos Promotores no ámbito do Plan para o cumprimento da súa finalidade última, todo iso de acordo cos principios inspiradores do Plan recollidos no Apartado I anterior.

### III. PAUTAS DE COLABORACIÓN

A persoa xurídica que teña a condición de Colaborador poderá:

- Utilizar a denominación de Colaborador do Plan de Educación Financeira nas súas iniciativas de educación financeira.
- Asistir a todas as reunións de Colaboradores do Plan que se convoquen.
- Acceder á área reservada para Colaboradores da páxina web [www.finanzasparatodos.es](http://www.finanzasparatodos.es).
- Requirir o apoio ou soporte de natureza non económica dos membros do Plan para o desenvolvemento da súa actividade.
- Solicitar a incorporación puntual do logo da marca Finanzas para Todos nalgún dos seus soportes formativos.
- Recibir información ou documentos relevantes ou de interese sobre a actividade local ou internacional do Plan de Educación Financeira.
- Participar na Asemblea de Colaboradores, órgano de representación destes no marco do Plan.

A persoa xurídica que teña a condición de Colaborador comprométese a:

- Desenvolver ao ano polo menos unha iniciativa de educación financeira en España.
- Respetar o establecido no Código de Conduta para as iniciativas de educación financeira.
- Achegar a información que sobre as súas actividades de educación financeira lle sexa solicitada polos Promotores.
- Remitir anualmente aos Promotores unha memoria das actividades de educación financeira realizadas durante o ano.
- Participar no Día da Educación Financeira coa planificación e execución de actividades de acordo coas súas posibilidades materiais.
- Participar, cando así se lle solicite, nas sesións de traballo dos órganos de dirección do Plan de Educación Financeira ou nos subgrupos de traballo establecidos.
- Colaborar e dar apoio a outros Colaboradores na medida do posible, co obxectivo de evitar a duplicidade de esforzos e ampliar a capilaridade das accións que se desenvolvan.

### IV. FINANCIAMENTO

O presente Protocolo non implica ningún tipo de contraprestación económica nin compromiso xurídico concreto esixible. O Colaborador asumirá integramente os custos de realización das accións que leve a cabo.

## V. UTILIZACIÓN DA MARCA FINANZAS PARA TODOS

O logotipo e a denominación Finanzas para Todos conforman a imaxe pública do Plan de Educación Financeira e están rexistrados na Oficina Española de Patentes e Marcas.

A adquisición da condición de Colaborador non supón en ningún caso unha licenza para o uso dos citados signos distintivos por parte deste.

Non obstante, tal e como se recolle no Apartado III, o Colaborador poderá solicitar aos Promotores do Plan a autorización puntual e expresa para o uso deses signos distintivos nalgunha das iniciativas de educación financeira que leve a cabo.

## VI. PERDA DA CONDICIÓN DO COLABORADOR

Son causas da perda de condición de Colaborador as seguintes:

- A falta de adecuación da conduta do Colaborador ás pautas de colaboración establecidas no Apartado III. Neste caso, os Promotores, tras a correspondente advertencia previa ao afectado desa circunstancia, reservan o dereito de retirarlle a condición de Colaborador. Neste suposto, o Colaborador perderá tal condición desde o momento en que os Promotores llo notifiquen e absterase no sucesivo de utilizar esa denominación nas súas iniciativas de educación financeira.
- A decisión será firme nese sentido do Colaborador, sempre que esa circunstancia sexa comunicada en forma escrita aos Promotores cunha antelación mínima de dous meses. A data de baixa voluntaria terá efecto desde a comunicación ao interesado por parte dos Promotores e se xustifique a recepción da súa decisión. Esa baixa non orixinará a favor de ningunha das partes dereito a percibir indemnización ou compensación de ningún tipo.

## VII. MODIFICACIÓN DO PROTOCOLO

Este Protocolo poderá ser modificado polos Promotores cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, para adaptarse ás modificacións legais que afecten o seu contido ou para incorporar os principios ou as recomendacións das institucións ou organismos internacionais dos que España forme parte, e o Colaborador manterá a súa adhesión ao novo texto resultante salvo renuncia expresa a el, en cuxo caso esa renuncia implicará a baixa voluntaria da súa condición de Colaborador.

## VIII. CONFIDENCIALIDADE

O Colaborador gardará absoluta reserva e confidencialidade sobre calquera coñecemento ou información reservada que poida coñecer a consecuencia da realización das prestacións contidas no presente Protocolo e comprométese, así mesmo, a non publicar ou divulgar ningún dato confidencial sen a autorización expresa da parte á que se refira a información.

Así mesmo, o Colaborador comprométese a adoptar as medidas necesarias para que calquera persoa dependente deste teña efectivo coñecemento do compromiso de confidencialidade asumido en virtude da presente cláusula, solicitando a esa persoa idéntica reserva e confidencialidade con respecto a calquera información propia dos Colaboradores á que teña acceso con motivo da aplicación do presente Protocolo Xeral de Actuación.

## **IX. VIXENCIA**

Este Protocolo será de aplicación a partir do 30 de xuño de 2018. A súa vixencia quedará vinculada á existencia dun convenio de colaboración entre os Promotores que asegure a continuidade no desenvolvemento do Plan de Educación Financeira.

## **X. INTERPRETACIÓN DO PROTOCOLO**

Corresponderá aos Promotores a resolución das posibles dúbidas que puidesen orixinarse na interpretación ou aplicación do presente Protocolo.

## **XI. RÉXIME TRANSITORIO DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN EXISTENTES**

Os convenios de colaboración aos que se refire o Preámbulo e que conformaron deica a data o mecanismo de participación no Plan de Educación Financeira quedarán extinguidos coa entrada en vigor deste Protocolo. Os Promotores consideran que as institucións asinantes destes convenios reúnen as condicións precisas para ser Colaboradores e adquirirán inmediatamente tal condición coa sinatura do Documento de Adhesión ao Protocolo Xeral de Actuación adxunto.

**DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO PROTOCOLO XERAL  
DE ACTUACIÓN PARA A PROMOCIÓN  
DO PLAN DE EDUCACIÓN FINANCEIRA**

---

Don/Dona ..... con DNI núm. ....  
no nome e representación da entidade ..... (en  
adiante, a Entidade) e en calidade de ..... da Entidade  
DECLARO coñecer o contido do Protocolo Xeral de Actuación para a Promoción  
do Plan de Educación Financeira e MANIFESTO o compromiso da Entidade de  
adherirse a el e respectar os principios nel establecidos.

....., ..... de ..... de 2018

Asdo. ....

Teléfono:

Correo-e:

